

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 108 * DO 30 DE MAIO AO 5 DE XUNIO DE 1980 * 40 PTS.

VIA DE DESCLASAMENTO
E EMIGRACION

*Universidad
Laboral*

*Unibersidad
Laboral*

**OS EMPRESARIOS QUEREN
CONTROLAR OS PORTOS**



**ANTON CORRAL:
A música... como nace**

**Festas de Ourense 1980
ou como trocar a cultura
polos cabalos**

**NOVA DIMENSION
REPRESIVA EN EUSKADI**

**Corea do Sul:
PROTESTA POPULAR
NUN "SATELITE" U.S.A.**

**O Condado. FESTA DO
CORPUS EN PONTEAREAS**



NON O SOPORTO!

Esoutro día volveron sair en nota da Axencia Efe unhas declaracións oficiais do P.O.G., relativas desta volta ao debate parlamentario. A "tráxica" nota rezaba: "La ausencia de un grupo parlamentario nacionalista gallego se hace cada vez más insoportable".

Se Rosón e compañía non montan axiña o seu grupo "nacionalista", estes alágannos a choros.

1

2

ESTAMOS NO TEMPO DE CLARIFICAR

A Real Academia Galega vén de convocar un concurso periodístico para honrar a memoria de don Daniel Calzado Poceiro, "distinguido coterráneo" que desenrolou labours de galeguidade en Buenos Aires. Despois do empezo, a cuarta base é o que nos chama a atención:

"O fallo do Xurado calificador, inapelábel, darase a coñecer na prensa rexional o "Día de Galicia", 25 de xulio".

Barbaridade e ambigüedade en dúas liñas seguidas. Se queren máis clarificación....

3

COMER E RAÑAR....


A semana pasada, o "liberal da UCD" Ignacio Camuñas dictaba unha conferencia en Salamanca. E decía cousas como que "Unha vez que ya hemos ingresado en el Consejo de Europa es menester incorporarnos el Mercado Común, y lo lógico será que, en su momento, consolidemos este proceso con nuestra participación en la Alianza Atlántica".

Total... Xa de metidos na Trilateral....

ASI O LEMOS....

"Estuvieron presentes en el acto el Presidente de la Audiencia Provincial, José de la Torre Ruiz; el alcalde de La Coruña, Domingo Merino, y el de José Luis Martínez; los diputados José Luis Meilán y Juan Quintás, el presidente de la Diputación Provincial, Enrique Marfany; todos los tenientes de alcaldes coruñeses; Mariano Dónega, en representación de Domingo García-Sabell, presidente de la Real Academia Gallega; representantes de varios medios de información; el Presidente de la Federación de Asociaciones de Vecinos, Marcelino Liste, el titular del Gabinete de Prensa de la Policía en representación del Jefe Superior; representantes de las centrales sindicales, el Presidente de la Asociación de Prensa de La Coruña, Emilio Losada y miembros de varios partidos políticos. También se recibió un mensaje de Manuel Iglesias Corral". ("La Voz de Galicia", un destes días).

Non, non se trata da presentación pública do "Boletín Oficial del Estado", senón de "Man Común", mensuario recen aparecido. ¡Empezamos ben!



ollo ao concurso da páxina

15 !!!

SUBSCREBASE A A NOSA TERRA

*¡Traballo si, esquirols non! ¡Queremos traballar, Sr. Gobernador!,
berraban os estibadores da Coruña diante do Goberno Civil despois de non serlles permitida a entrada ao seu traballo.
Pouco despois a policía tentaba rematar coa súa asentada de protesta con botes de fune e pelotas de goma,
ao que respostaron os traballadores con pedras.
Ao final varios policías feridos e oito mulleres e un home detidos dentro do Goberno Civil
ao querer entrar xunto do Gobernador. Din que logo lles pegaron.
Unha suspensión de emprego e soldo incomprensible e un acordo aínda menos explicábel cando non había nada contra dos
armadores. Detrás unha posíbel manobra para que non se unan os traballadores do porto.
En Vigo, con folgas de fame pola integración e non integración dos estibadores das tres coias e detrás os armadores
defendendo os seus intereses a base, tamén, de dividir aos traballadores.
Ao fondo destes conflitos a privatización dos portos.*



Dividindo aos traballadores:
"OS EMPRESARIOS QUEREN CONTROLAR OS PORTOS"

O mércores, día vinteun, produciuse unha refrega entre a policía e os estibadores diante do Goberno Civil da Coruña da que, por certo, a policía non saíu moi ben parada, varios deles tiveron que ser asistidos en centros hospitalarios. Por parte dos traballadores, oito mulleres e un home detidos dentro do Goberno Civil ao querer entrar xunto do Gobernador.

Produciuse a asentada a consecuencia de non permitirlles a entrada aos estibadores ao peirán pesqueiro.

O conflito, "que non era cos armadores como queren facer crer", empezou días antes cando o listeiro que nomeaba aos traballadores se negou a cumprir este cometido, xa que non era o seu posto, senón o de auxiliar.

CADRO BRANCO

Dentro dos actos reivindicativos que se levaron a cabo por toda a nosa nación co gallo do "Día das Letras Galegas", en Bueu trocáronlle o nome a cinco ruas. Os novos nomes son: Castelao, Rosalía, e dos galeguistas locais Francisco Escáneo e Xoan Carballeira.

A decisión foi tomada en vista da postura que os dirixentes da OTP mantiñan con el desde a folga de decembro na que fora detido aínda que nada tiña que ver co conflito.

CONVOCATORIA DAS PRAZAS DE LISTEIRO

En vista desta situación convocábase unha asemblea onde a xente se pronunciou por non traballar mentres o Secretário non se defina sobre a convocatoria de prazas para o cargo de listeiro. Namentras seguiría nomeando o actual e non os capataces.

As once do mesmo día, xoves, teñen unha reunión na OTP co Delegado de Traballo na que este lles comunica que podía seguir o mesmo listeiro sempre que entrara como estibador, cousa que lle era negado ao interesado. Baixo esta promesa entraron a traballar á unha da mañá.

Pero as cousas cambiean e nomean de listeiro a un Guardia Civil retirado que se presenta o luns día dezanove. A xente opónse a que ocupe a praza. Para que non haxa follóns segue nomeando o mesmo de antes.

Para o día seguinte convócase unha reunión co Secretário da OTP, no que, segundo fontes laborais, comunica que se fai responsable de todo o que poda pa-

sar pero que vai quedar o novo listeiro. E polo serán presentase con el e co ordenanza da OTP. Segundo as mesmas fontes nunca se presentara desde que fora nomeado. Comeza a nomear a xente, pero esta non resposta. Ante a cara das cousas o Secretário comunicalle a un dos traballadores que se poña ao teléfono, segundo diversas fontes laborais, ao que se nega de forma individual, pero o Secretário comunicalle ao Gobernador "que o comité de empresa non se quere pór". Este colga enfadado.

Coa vixilancia da policía saen o Secretário, o novo listeiro e o ordenanza, celebrándose unha asemblea a continuación, en presenza dalguns armadores, onde queda de manifesto que o problema non é con eles, e de que traballarán se segue o mesmo listeiro ou teñen garantías da convocatoria de prazas.

TODA A NOITE ESPERANDO PARA TRABALLAR

Toda a noite, astra as oito, estiveron os estibadores esperando no peirán para traballar. "Ese foi o para salvaxe que fixemos".

Ao día seguinte foilles impedido o acceso ao porto pola policía, polo que se produciron os enfrontamentos do Goberno

Civil. Logo a supresión de emprego e soldo por quince días.

Pero o pasado luns suspendéronse tais sancións e os traballadores voltaron o martes ao peirán e con eles o novo listeiro e un xefe de operacións que conseguiran botar na anterior folga e que "está moi unido aos empresarios xa que é quen lles vende as caixas e as máquinas para os barcos anque a empresa non estea ao seu nome".

O reintegro ao traballo foi acordado nas negociacións cos armadores: "Negociar con eles cando non tiñamos nada contra deles, aproveitaronse moi ben".

LOGRAR A DIVISION DOS TRABALLADORES

Todo o que se logrou foi a división dos traballadores e por aí ian encamiñados os paus. E fíxose ademais de por outros medios, facendo correr rumores que por detrás estaban os "grapos", e todo porque colgaron un moneco que levaba o nome do armador Sr. Zapata e a inscrición, "colgado pola xusticia popular". Este Sr. seica recibiu algunha chamada dalgunha persoa que lle decía que de non cambiar a súa conduta sería executado por esta organización. Empezou a represión e con ela o medo e a división.

E tamén en Vigo comezou a división para que os estibadores de Vigo non lograsen a unificación das tres coias.

En Coruña estaban logrando a unión de todos os traballadores do porto, astra dos manipuladores do peixe; agora están á desbandada, cada un polo seu lado. En Vigo, ás folgas de fame por a unificación respostaron con outras pola non unificación. Nos portos hai xente que está servindo aos intereses dos armadores e que tenta astra que non se informe do conflito.

Detrás de todo está a loita dos empresarios por a privatización dos portos e o seu nemigo máis grande é a unión dos traballadores.

ALFONSO EYRE

CADRO NEGRO

A semana pasada apareceron rotas en Bueu as placas das ruas de Castelao e Francisco Escáneo que foran postas polo Axuntamento o "Día das Letras Galegas".

A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontenla Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyre,

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Víz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrazo), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández, Albán.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X. Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torrón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Viguesa, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Ráfales Artal, Telf. 2433658.

Decreto de bilingüismo: AGORA VILARIÑO

No colexo estatal de Vilariño, no concello de Nigrán, á beira sul da Ria de Vigo, estase a producir un novo caso de aplicación do Decreto de Bilingüismo que vén sendo denunciado desde o inicio mesmo da súa entrada en vigor, e que recentemente, na campaña polo día das Letras Galegas, foi rexeitado por innumerábeis organizacións políticas, sindicais, culturais... que asumían a incompatibilidade da normalización do noso idioma co referido Decreto na expresiva consigna "Polo dereito irrenunciábel ao uso do noso idioma. Contra o Decreto de Bilingüismo" que encheu as paredes e muros da nosa nación e presidía a meirande parte dos actos celebrados en conmemoración do 17 de Maio...

Mentres, nun recuncho do Val Miñor, a Directiva dunha Asociación de Pais, na que se misturan os Directores de Sucursais de Bancos con candidatos ás Municipais por C.D., recomendaba que non se mandaran os nenos a o colexio, como medida de presión para que se cumprira o constitucional dereito irrenunciábel a que os seus fillos recibiran as clases en español.

OUTRO "FOXO"

A piques de rematar o segundo trimestre o profesor Xosé Lois López é informado polo Presidente da A.P.A. de que recibira varias queixas de pais polo ensino en galego, o profesor espícalle a súa postura e o Presidente móstrase favorábel, decíndolle que xa ten unha base para respostarlle a eses pais que non estaban dacordo.

Días despois o profesor Sandoval, representante do claustro de profesores ante a A.P.A. indícalle ao afiliado a UTEG-ING que ia ser tratado no claustro o "problema" das clases en galego, e que aquilo podíase converter noutro "Foxo" porque "lle pare-

cia" que había un escrito firmado por pais na súa contra.

Anque o escrito non apareceu o tema foi tocado no claustro que acorda a celebración dunha reunión coa xunta directiva da A.P.A. e o Director onde se debatiran os argumentos e se buscara unha solución.

Nesta xuntanza, segundo Xosé Lois López, "veise craramente que tanto un sector maioritario da Directiva, como o Director e o propio Sandoval, coinciden na súa postura antigalega, pretendendo unicamente o cumprimento estrito do Decreto".

A A.P.A. acorda denunciar ao profesor e aproveita para denunciar polo mesmo motivo a profesora María Xesus Barreiro.

TRABALLO PARA A XUNTA

Cursada a denuncia o Inspector da Zona acude ao colexo para redactar o correspondente informe. A pregunta de A NOSA TERRA decrara que "os terminos do informe non os podo facer públicos. Persoalmente percenme excelentes persoas, que saben o que están facendo. Tendo en conta que os cursos que dan son primeiro e párvulos, os coñecimentos que teñen os nenos de castellano son os normais e penso que realmente en ocasións, desde o punto de vista pedagógico, o emprego do galego é moi recomendábel. Non quero xustificar nen tomar parte referente á denuncia presentada. En todo caso a estas alturas o informe xa debe estar na Xunta que é a quen lle corresponde buscar unha solución".

OS MOTIVOS DA DENUNCIA

Alguns profesores do colexo afirman que os rapaces dos cursos dos compañeiros denunciados ian perfectamente, o propio Director D. César López afirma que os rapaces, "se ben nun principio notaron certo desconcerto, logo colleron o ritmo e marchaban sen problemas". Cando neste mesmo colexo, nos dous últimos anos sempre houbo algun profesor que daba as suas clases en galego sen que houbera queixas... por que se presente a denuncia rematando o segundo trimestre?... por que a Directiva da A.P.A. solicita que non se envíen os nenos a clase faltando unica-

mente tres semanas para o fin de curso obrigándoos a que volvan a examinarse en Setembro? Que motivos hai para denunciar a dous profesores dos que ninguén pon en dúbida a súa capacidade profesional?

O Sr. Sandoval dice coñecer a clave deste laberinto: "É un problema político".

"FUERA RATAS DE ALCANTARILLA






J.R. Sandoval autodefinese como "Profesional do ensino cumpridor da lei" dice ser o primeiro en asumir a necesidade do uso normalizado do noso idioma, o que non lle impide comprender e apoiar á Directiva da A.P.A. no seu anxeio de eliminar as clases en galego, "Sempre baseándome na lexislación vixente. Que para algo está". Nega as acusacións que lle fai a UTEG de preparar, a comezo de curso, uns horarios que lle deixaban libre o mércores nos que se dedicaba a representar unha editorial, en troques acusa SISTEMATICAMENTE aos afiliados á UTEG de representar un partido cando estes afirman SEGUIR SIMPLEMENTE UNHA LIÑA SINDICAL. Nega ter mandado a uns rapaces a colocar unha pancarta, cando se radicalizou o conflito, na que decía "Fuera ratas de alcantarilla" firmado por Fuenteovejuna Junior, nembargantes os rapaces que a colocaban dixeron (que son do seu curso, 8) a unha profesora que fora o quen lle autorizara. Acusa a os da UTEG de

facer política pero reconece que a un neno de primeiro de E.X.B. non hai moita política da que falarlle. Asume a responsabilidade de formar e informar a os nenos para que coñezan o que é a Constitución, a Autonomía, etc... pero asegura que nunca inflúe nelles. É coordinador da revista do Centro chamada "La Mosca" na que garante se expresan os rapaces libremente, na que se escribe en galego e en español, na que aparece unha portada contra as centrais nucleares e o número seguinte outra na que un oso ruso chamado Breznev está devorando media Asia.

Compañeiros de claustro dicen que el é o auténtico Director, que está manipulando aos rapaces, e que está aliado con alguns membros da Directiva da A.P.A. para manipular a todos os demais pais... Del dicen que non quere oposición no claustro, e que por medio do Decreto de Bilingüismo pensa conquerilo... El contesta que os rapaces o queren, que os pais son maiores e saben o que fan e que axustándose á constitución non se pode ser caique.

Terá razón J.R. Sandoval, o problema do colexo estatal de Vilariño no que posibelmente non se presenten moitos rapaces á quinta avaliación e quedarán para Setembro a pesares de que, segundo todos os indicios, estaban preparados para sair adiante xa agora, será un problema político... COMO CASE SEMPRE.

XAVIER B. MARTIÑO

AS CERAMICAS DO CASTRO  E AS DE SARGA 
DELOS  ESTAN FEITAS
CON TERRAS GALEGAS,
AS IDEAS E A CIENCIA
QUE LLES PROPORCIONA
O LABORATORIO DE
FORMAS DE GALICIA 
E O SEMINARIO DE ESTUDOS
CERAMICOS 

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR
AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER
UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEI-
TANDO NA NOSA TERRA OS NOSOS RECURSOS

Con campaña adversa incluída NOVA MOVILIZACION A PROL DE FRIGSA

Despois das xestións últimas realizadas en Madrid, das que xa informamos no seu momento, a Comisión Mixta de FRIGSA acordaba celebrar outra manifestación "contra o desmantelamento da factoría", que marcaba para o día 22 de Maio. Faltando dous días para a mobilización, a prensa local publicaba a toda plana o anuncio da compra de terreos por parte de CARCESA para a ubicación da FRIGSA futura no Polígono Industrial de Ceao, e nos días previos ao 22 seguían todos os medios de comunicación dándolle bombo o tema. Chega así o xoves, e máis de mil lugueses se movilizan ao berro de "Goberno español, queremos solución"

Despois das reunións que a Comisión Mixta realizara en Madrid coa Administración, nada de novo nen positivo se albiscaba. Pola contra, á persistencia das posturas en relación coa recalificación dos terreos de ubicación da actual factoría, xuntábase unha declaración definitiva dos portavoces do monopólio da carne, no senso de que se garantizaban os postos de traballo hoxe existentes "pero no necesariamente todos en Lugo". (Hai que lembrar que FRIGSA téñen empresas subsidiarias fora de Galicia.

As centrais, partidos e organizacións integradas, xunto co Comité de Empresa, na Comisión Mixta (AN-PG, CC.OO., PCG, PSOE, UGT, UPG e máis USO) viron daquela a necesidade dunha nova manifestación, e así a convocaron, en mesa redonda da que os medios de comunicación, se fixeron eco en diversos graus. Era a convocatória a comezos deste mes, e dende aquela desenroláronse unha serie de asamblea explicativas ao respecto.

CAMPAÑA PARA "ACOUGAR"

O día 21, aparecía na prensa local, con derroche de material fotográfico, o anuncio de que os terreos para a nova FRIGSA estaba comprados, e a certificación urbanística para a construción da factoría, aprobada precisamente na Permanente Municipal do día anterior. O día 20 xa prúpia CARCESA adianta-

Municipal do día anterior. O día 20 xa prúpia CARCESA adiantaba o asunto, anque por outra parte anunciaba, curiosamente, que estaban abertos a novas ofertas de terreos.

Aquí hai que decir que os te-

reos do Ceao estan a menos de mil metros dun Mercado, o "Regional Ganadero", circunstancia non permitida legalmente.

Ao tempo de todo isto, rexistrábase unha singular axitación na cidade, onde a mobilización xeral de certos sectores descubría intereses encontrados cunha posíbel mobilización masiva o día 22.

E chega o día. Máis de mil lugueses, entre eles a maioría da plantilla actual de FRIGSA, saían da Praza da Milagrosa e remataban na Maior, entre berros de "Expedente de FRIGSA, devolución". "Industrialización na nosa terra", "Goberno español, queremos solución", "Lugo e Galicia necesitan FRIGSA", e outros de menor entidade. Se a manifestación decorreu máis ou menos normalmente, hai que llo apontar ao seu servizo de orde, dado que a Garda Municipal non apareceu para nada a dirixir o tráfico.

"GARANTIZAR OS POSTOS DE TRABALLO"

Ao final, falarían catro membros da Comisión Mixta.

Xulio Agrelo, do Comité de Empresa, aludiu á campaña que se montara para quitarlle afluencia á manifestación afirmando que o futuro de FRIGSA estaba aínda sen clarear, e dando as grazas aos lugueses asistentes á mobilización, "afectados tamén ao fin e ao cabo". Manolo Varela, do PSOE, criticaría a ausencia da UCD e CD na loita por FRIGSA, lembraría as declaracións do INI sobre a repartición dos postos de traballo, dicindo que isto acontece "porque os galegos non protestan, que xa

por iso nos deron un Estatuto recortado". Chamaria a orientar a loita cara á reconversión da

factoría e pola conservación dos postos de traballo. Carlos Dafonte, do PCG, saudaría a participación de distintos sectores populares da cidade na manifestación, dicindo que "a unidade popular é a garantía de conseguir os nosos intereses". Referiríase a que a desfeita de FRIGSA está enxertado nos plans do Goberno de "acadar co sector público" e converter a Galicia "nunha reserva forestal e de man de obra barata".

Chamaria ao final á loita pola conservación dos postos de traballo, da consecución da factoría integral e da solución do problema da recalificación.

"A DEVOLUCION DO EXPEDENTE IMPORTA"

E, denatés do Himno Galego falou no nome do BN-PG Manolo Castiñeiras. Despois de lembrar que ia facer un ano que a AN-PG convocara a primeira mobilización na defensa da FRIGSA, saíu ao paso "de que pensa que a loita non téñen sentido", recalcando que para o BN-PG mobilización era a única posibilidade de conseguir os obxectivos. O representante nacionalista centraría a súa intervención na denuncia da entrega do sector cárnico aos monopolios e na recalificación dos terreos actuais "que tal como está planxada ocasionaría unha catástrofe urbanística irreversible na zona, e un colapso permanente do tráfico da Avenida da Coruña", e denunciou a desinformación en que se ten ao pobo de Lugo tocante ao tema, "como nos demais". Esixindo a volta do expediente de recalificación e reiterando o apoio do BN-PG á loita de defensa da FRIGSA, rematou Manolo Castiñeiras o seu parlamento.

crónica política

Namentras a Comisión de Cultura da Xunta publicaba un historiado bergamino, encabezado demagoxicamente polo ebiógrafo "O galego é o noso idioma", coincidindo coa celebración do DIA DAS LETRAS GALEGAS, acontecía un novo caso rebresivo dos nosos dereitos lingüísticos colectivos nun Coléxio de EXB de Nigrán. A Asociación de Pais retiraba os nenos a dous profesores que impartían as súas clases no noso idioma, seguindo instrucións da Dirección e das forzas caciquiles do Axuntamento.

Seguramente o Axuntamento de Nigrán xa non está nesa idílica zona de lingua galega materna, á que as autoridades coloniais intermediarias están teoricamente dispostas a reconocer o dereito ao uso do galego, porque saben que será inviábel. No devandito bergamino, a Comisión de Cultura da Xunta publica unha redacción, atribuída a unha radaciña de 7. de EXB dun Coléxio santiagués, na que, con evidente intención política asimilista, se aconsella o retorno do galego aos lares dos que nunca debeu saír: o campo, o mundo do contacto coa natureza, as plantas, os animais. Deixando aparte a torpezado tribunal xuzgador, pois a narración é seguramente obra dun "ilustrado" pai de familia, resulta sintomática a intención política destrutiva, acochada baixo unha actitude paternalista e naturalista, que moveu á Comisión de Cultura á publicación dun texto coñ semellantes connotacións.

Todo xustifico en nome de que esta política sería a única que garantiría a desaparición de sufrimentos e de conflitos. Como se ve, non hai mellor maneira de falsificar a historia, a realidade que a de promover unha alternativa piadosa que leve ao suicidio voluntario, nacífico e, eso sí, sentimentalmente galego.

A estas alturas, este semanario desearía saber a que esperan tantos amantes e protectores da nosa lingua, declarados demócratas de toda a vida, para deixaren ouvir a súa voz, inda que foxe tresuntamente técnica, ante tanto disparate reaccionariamente interesado, que se leva adiante, co seu beneplácito implícito cando menos, pois asentado está na administración e aplicación do Decreto de bilingüismo, no nome do cal eles forman parte da Comisión Mixta da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, encargada de xustificar tan "progresiva" política de galeguización do ensino.

O DEBATE

O debate parlamentario tivo como único obxectivo tentar interesar na política parlamentaria a unha opinión pública que se vai distanciando, pouco a pouco e de maneira vergosa, da política consensuada. Pero neste debate, para un observador unha migalla avisado, destacaron, sobor de todo, as fondas coincidencias entre as alternativas subostamente enfrentadas, tanto as encargadas de reforzar o bipartidismo, como as eurocomunistas. Non existen diferencias filosóficas, que atinxan ao sistema, entre os partidos españois, seían de dereitas ou de esquerdas. Soio amosaron un esforzado xesto electoralista nas súas intervencións, basadas en escaramuzas ou ataques de marcado carácter circense, de lucimento persoal demagóxico, de palabra de honor frente a palabra de honor. Os grandes temas estiveron ausentes, porque hai fonda coincidencia: política agraria do Goberno, Otan, privatización ou nacionalización e estatalización dos servizos públicos, Mercado Comun e imperialismo, monopolios e política laboral, problema das nacións integradas no Estado e sentido da alternativa autonómica, etc....





resumes

ERA TEMPO

Por fin alguén se lembrou da preservación do pouco que de histórico artístico queda na cidade de Ferrol: Adelfa Coruña vén de reclamar a declaración de conxunto histórico-artístico para as zonas do Ferrol Vello, Centro e Esteiro. Sobre todo para este último, é a derradeira oportunidade que lles queda.

INEDITO

Todos os grupos municipais presentes na Permanente compostelana felicitaron ao primeiro tenente de alcalde (daquela alcalde en funcións), Clemente González Peón, que marchou da entrega dos premios "Master de Popularidad", diante dunha parodia máis "imitativa", seica dunha labrega galega. A "actriz" parodiante era unha tal Beatriz Carbajal.

COMO CADA ANO

"NON A GALICIA NUCLEAR"

Os días 25 e 26 de Maio celebrábanse en todo o mundo as "Xornadas Antinucleares". No noso país, aparte de Mesas Redondas sobre o tema, o Comité Antinuclear Galego organizaba unha manifestación en Santiago que, apoiada por ADEGA, AlbeGalicía, SGHN, POG, PCG, UGT, MCG, PCE (m-l), Grupo Feminista de Santiago e AN-PG, xuntaba case mil persoas. No meio dun ambiente entre festivo e serio con comparsas alusivas e todo, coreáronse slogans do tipo de "Non Xove Nuclear" e "Nucleares e FENOSA son a mesma cousa", acarón doutras do estilo de "Pon tu bomba en unha nuclear".

Os obxectivos de orixe da manifestación ian dalgunha maneira reflexados na pancarta da cabeza, que rezaba "Contra dos Plans Nucleares do Goberno, non Galicía Nuclear. ¿Enerxia alternativa? Sí, grácias". Era ésta a "Primeira Xornada Antinuclear Galega", á espera da "Segunda", que, organizada por ADEGA, está preparada para o domingo que vén na Coruña.

CANDIDATURA

"LIBERAL-PROGRESISTA"

Así lle puxeron os meios informativos de periodicidade diaria a un proxecto que hai tempo que anda pola rua xa de cara ás eleccións ao Parlamento autonómico galego. A cabeza máis visible da operación parece ser o abogado pontevedrés Gonzalo Adrio Barreiro, e de momento levan xa tido contactos co PCG, promotor da súa banda de diversas ideas de candidaturas "de unidade".

AUTOVIA VIGO-BAIONA, RACHAR EN DOUS

Non é un problema novo o desastre que ven asupoñe a actual carreiteira Vigo Baiona, tanto polo seu trazado perigoso e complicado como polos atascos que ten, que se ven incrementados nalgunhas épocas do ano de xeito acusado. A carreiteira, a excepción do seu primeiro tramo á saída de Vigo, non foi axeitada as novas necesidades e seguiu co seu ancho e características iniciais. Doutra banda, a carreiteira conserva os seus metros de ancho medio e ao largo da mesma úbicase abundantes núcleos urbanos que tran consigo paradas constantes de autobuses, camiións de mercancias, etc... e que asimismo o Ministerio de Obras Públicas e Urbanismo vén adicando a Galicia a menor cifra por kilometro para arranxar carreiteiras de todo o Estado.

E así, centos de veciños afectados polo anteproxecto da autopista Vigo-Baiona, salientan o feito de que divide en dúas unha das zonas da rúa de Vigo,

cunha afeizón de 100 metros a cada banda do vieiro, cando este vieiro non leva máis de 16 metros de ancho. Somos conscientes da necesidade de axeitar vieiros de comunicación que posibiliten o acceso a zona sul de Vigo, pero dun xeito racional e para iso, como primeiro paso, vimos propondo a necesidade de asinalar e correxir en varios dos chanzos da actual carreiteira de Vigo a Baiona, todo iso factíbel sen ocasionar dano nen perxuício a ningún cidadán. A segunda parte é dar continuidade a carreiteira na urbanización de Cabo Estai, en Canido, por acordos do non se sabe quen, despois dos perxuícios ocasionados a moitos modestos propietarios que malvenderon as súas propiedades co medo dunhas afeccións arteriais que máis tarde non existiron e que aproveitaron algúns "enterrados" para facer os seus bñs negocios, contruíndo suntuosos lares, etc. Todo isto precisaría dunha escudumación moi fonda e exhaustiva astra atopar o orixe de tai actuacións, o que non é

normal no noso país.

Pero é que ao marxe destas solucións hai outras máis: sempre que fose preciso, unha vez axeitados os vieiros apuntados anteriormente, contamos cos terreos do antergo vieiro do Tranvia Eléctrico de Vigo a Baiona, retirados do servizo hai máis de 11 anos cuxos terreos están dispostos para calque outro vieiro de circulación, tendo un ancho superior aos 14 metros en todo o seu recorrido astra a Ramallosa e con zonas dun ancho moi superior nas que estaban e están aínda situadas as antigas estacións, e os terreos chegarían para resolver o problema do transporte co Val Miñor para moitas décadas sen necesidade de recurrir a "movementos" que máis semellan axeitados a lembrar a memoria ou actuación de determinadas persoas ao seu paso por ministerios, organismos, etc...

ASOCIACION DE AFECTADOS POLA AUTOVIA VIGO-BAIONA

MUROS: USURPACION DE TERREO PUBLICO

Veciños de Louro, no municipio de Muros, venñen denunciando diante da opinión pública a apropiación indebida de terreos comunales e cerre de camiños no paraxe coñecido por Xalfas, levada a cabo polo concellal e vicepresidente de UDC deste municipio, Calos Pérez Estrada. "Nós, como veciños afectados, non estamos dispostos a tolerar accións deste tipo, polo que esiximos ao alcalde a convocatoria dun pleno extraordinario para tomar o acrodo, de exécutión inmediata, do derribe do cierre e deslinde de toda a zona, xa que non imos soportar máis agresións na nosa parroquia, aínda que nonten coa complicidade da "democracia municipal". Asimismo, e da súa banda, o BN-PG denuncia o feito da usurpación de terreos de dominio público, especialmente camiños, co consentimento manifesto ou encuberto do partido maioritario da corporación:UCD. "Este indignante atropello é cometido do apoio dos seus compañeiros do partido, primeiro, tendose discutido por iniciativa dun dos nosos concellais na Comisión de Obras, o presidente da mesma (de UCD) négase a firmar a acta, e amais porque diante da denuncia feita por un concellal de TEAT, para que o tema se tratase na permanente, o alcalde opuxose".

E xa que logo o BN-PG esixe públicamente a dimisión do alcalde, máximo responsable e cómplice destes feitos.



"Memorias dun fuxido"

UNHA NOVELA GALEGA, MENCION NO PREMIO INTERNACIONAL DA PRENSA

No Premio Internacional da Prensa deste ano unha novela galega, *Memorias dun fuxido*, da autoria de Víctor F. Freixanes chegou á final, quedando a súa valoración unicamente por baixo da gañadora *Xornadas de Moscú*, do xugoslavo Velko Micunovic. No fallo, emitido en Niça, inclúese tamén mención a tres obras, inglesa, alemana e francesa, dándose a circunstancia de que o autor desta última era o escritor Jorge Semprún.

A obra de Freixanes, testemuña personal do guerrilleiro Manuel G. Fresco, foi merecente de mención, segundo a valoración do Xurado en base ao seu valor documental e tratamento narrativo, estimándose tamén o feito de estar escrita nunha lingua non oficial.

carta entreaberta O edificio mais feo do mundo

Querida Directora: Estoutro día dei unha volta por Ourense, onde estiven co noso amigo Millán Picouto, que andaba tan fraque coma sempre. Despois de xantar demos unha volta pola cidade das burgas — como din as guías turísticas — e na Rúa do Paseo atopino.

Non está de máis decir que estou xa moi curado de espantos no asunto dos edificios que por aí proliferan. En Villalba, por exemplo está a nova casa do consistorio, unha solemne cagada na vila do ameñecer. En Lugo tes ben visible o monstro do Banco Central na Praza de Santo Domingo. Na Coruña, o encontro é imposible, e non podemos esquecer o inefable pirulí de Vigo ou a torre de apartamentos da illa de Toralla. O catálogo é xa máis longo có dos pazos e produce abundosas dores de cabeza nuha mente mínimamente equilibrada.

Mais o edificio de Viacambre da Rúa do Paseo de Ourense ultrapasa todos os límites, bate todos os récorde e pulveriza todas as marcas. Non se trata de que seña feo, e pido perdón ós meus amigos certos e hipotéticos leutores ourensáns, que bastante desgracia teñen: E horrible, espantoso, mareante, aterrador e vomitivo. E un cuspe na cara dunha cidade ben fermosa aínda. E un pesadelo perfeuto e case imposible. E non cho describo porque é indescribible: télo que ir ver.

E mais os autores de tal enxendro deben a tal hora estar satisfeitos, pois cóñcese ben que quixeron facer o edificio máis bonito de Ourense, o máis grandioso, aquilo que



sempre sai nas postas.

Debeu ser por eso que conseguiron facer, en troques do edificio máis fermoso dunha cidade, a casa máis fea do mundo. A barbarie triunfalista do Empire State é en comparanza unha beleza de puras líneas, os encoros hidroeléctricos son gráciles anduriñas.

Teño eu moito interés en conocer ó arquitecto de mente preclara que concebiu tanta fealdade — segundo as miñas averiguacións, non foi, como podía parcer a primeira vista, deseñada por un colectivo de lunáticos. Tal artista pasará ó meu ver á historia, cando menos á historia do psicoanálise, e láioime de non ser un Kafka pra cantalo e novelalo como é merecente. Penso eu que poida ser galego, e pergúntome se nunca viu unha igrexa románica, se nunca contemplou un pazo, se nunca ollou o Pórtico da Gloria, se nunca obervou unha casa luguesa. Pergúntome aínda máis: tal vez nunca percibiu as rias nen a Costa da Morte?; quizaves nunca se fixou no Pico Sagro nen

prestou atención o solpor tralas Illas Cies? Pasou a bon seguro polos camiños da súa patria sen mirar coma cego adrede?

E en canto ó promotor, como única explicación pra tal parida, ocórreseme unha plausible hipótese. Ben seguro que é propietario dos edificios da acera de enfrente, que estarán ocupados por inquilinos con baixa renda. O propietario quere desafuzalos pra adicar eses edificios a outro uso — quizaves, oh terror, a facer outro enxendro —, e como non podía legalmente e pagarlles pra que se foran costáballe moito, decidiu poñer en práctica un sibilino plan. Porque tu imaxina os sufrimentos destes probes cidadáns cando se erguen pola mañán e ven pola xanela mostrosidade ó paso. Algúns morrerán de infarto, e aqueles outros de corazón máis robusto que resistan, terminarán fuxindo pra non quedaren cegos de horror e deixarán os pisos valeiros.

Fu ben sei que cando a revolución nacional-popular triunfe non poderemos andar tirando edificios feos, pois haberá que resolver o problema da vivenda e hai razóns de economía que terán que privar sobre cuestións de pura estética. En todo caso, o Millán Picouto, como é poeta, propoñía disfrazar cemento e cristal horribles con bucólicas edras e enredadeiras. Mais no caso do edificio máis feo do mundo, ó millor hai que tomar antieconómica determinación, pois non hai edra nen silveira de rosas no mundo que tape tanta barbarie.

DARIO XOHAN CABANA

Do Tribunal Tutelar de Menores, onde adprendeu a tocar a gaita, á Banda de Música de Infantería de Santiago. Dai á Banda Militar de Lugo. Despois en "Os Modernos" para logo integrarse en "Os Montes". A necesidade levaría a Antón Corral a facerse viaxante de comercio. A nos mais tarde crearia o Taller artesán de Ortigueira que xunto coa Escola de Gaitas sigue a loitar en prol da autenticidade e uniformidade da nosa música popular. E a pesares dos problemas, dos moitos atrancos "a Escola, o Taller van vivir porque non nos poden quitar a cultura do pobo....".

ANTON CORRAL

"A música... como nace"

¿Como se produciu o teu achegamento a música popular?

Ben. Eu nacín na Coruña, o 11 de xullo de 1936. Por motivos da guerra, aos seis ou oito días de nacer, a familia marchou para Lugo, a un pobo perto de Friol que tamén se chama Santa Marta. Ali estivemos cinco anos. Despois fumos para Lugo. Como a miña nai tiña que traballar para manternos a dúas irmáns maiores e mais a min, veuse na necesidade de internarme nun colexo que hoxe sería un reformatório. E algo que sempre dixen porque a min valeume de moito. Os últimos anos permanecín porque quería, agradábame o sitio. O mestre Antón Sandar daba clases de gaita e solfeo e Tino de guitarra é laud. Deste xeito me fun achegando a música. Así, aos dez anos, catro rapaces tocabamos na vila de Meira. Despois integreime na Banda de Música de Infantería núm. 2 de Santiago.

¿Que instrumentos tocabas xa por aquel entón na Banda?

Tocaba o clarinete e o oboe, e mesmo a gaita. Licencieime e fúnme para a Banda Militar de Lugo, na que permanecín nove meses. Deixei e empecei a adicarme de cheo a gaita. Fundei o grupo de "Os Modernos", hai máis de vinte anos, e daí pasei a "Os Montes", cos que actúei en concursos, sobre todo. Logo empecei a dar clases de gaita. Por aquel entón, cheguei a recorrer 21 kilometros en bicicleta para poder dar as clases. Logo toquei, durante oito anos, no grupo de Antón de Marcos. Daba clases nos Colexos, na Masa Corral e despois integreime na Agrupación Folclórica "Cantigas e Flores".

Despois fixeche viaxante de comercio....

Si. Eu era dependente nunha ferreteria, pero como tras do mostrador non chegaba a nada e como xa estaba acostumado a andar polo mundo comecei de viaxante de comercio. Así ao longo de once anos, anos que non me quitaron a ilusión pola gaita. En moitos sitios coñecíanme polo alcume de "o viaxante gaitero" e nalguns pobos e vilas obrigábanme a cantar. Ao mesmo tempo seguía participando en concursos co "Os Montes". Nembargantes, o viaxe chegou a cansarme. Por outra banda, non sabía qué facer. Tiña un coche novo e vendino para montar o Taller. Xunto cos amigos planeabamos moitas cousas, das cais metade delas non valeron para nada. Pero pouco a pouco foise andando todo. E como aquilo de que o que non sabe é como o que non ve. O único que lamento é non empezarmos, xa que o traballo é relaxante, non pode aburrir a ningún....



Foto: ALBAN

¿De qué xeito se recolleu o traballo dos vellos artesáns?

O artesán antigo, o de idade, non daba nada a coñecer. Coido que pola cantidade de paos que recibiron. Así acabaron con eles, craro... Tampouco querían que os fillos adprenderan problemas que eles tiñan. Había dous grandes artesáns, Basilio Carril e Paulino Perez, de Lugo. Eu toquei con gaitas de Basilio. Tamén el tentou de montar un Taller, e como lle deron patada tras patada dixo que o que quixera adprender que buscara. Encerrouse. Doutra banda, Paulino tampouco chegou a ensinar nada a ningún. Despois morreu Paulino, aos seis meses Basilio e logo outro artesán de A Estrada, Rioboo. Foron meras coincidencias, asemade a xente decía que logo ia morrer eu....

¿Cómo desenrolabas a tua laboureira en Lugo?

Eu entrei a traballar no Taller da Diputación, o que tiña Paulino Perez, ao mesmo tempo que un dos fillos e o neto do Paulino. Entre Xesús, o fillo, e mais eu comezamos a traballar coa zanfona. Como respecto da gaita os homes estaban totalmente a cero, orientados, sobor de todo ao neto. Non había moitas posibilidades de sacar adiante a Escola porque ningún te apoiaba, nen xiquera tiñamos un local. Pola contra, a miña teima era ensinar, ensinar.... Tentaba que os rapaces

de "Cantigas e Flores" que tocaban algun instrumento, que tiñan ouvido viñeran para o Taller. Deste xeito, Xosé Lois Carracedo, Jorge Castro, o neto e o fillo de Paulino adicáronse de cheo a investigación. Agora en Lugo hai catro artesáns.....

¿Valorábase nalgunha medida o que vos estabades a facer?

Eu pelexei moito coa xente do rexime anterior. Respecto da cultura popular, a baixa... chamémoslle así, as entidades oficiais non queren saber nada. Parece ser que nós tiñamos que agradecerlle moito a Diputación. Coido que, polo menos, o agradecemento ten que ser mutuo.... Eso si, gostáballe moito que o Taller gañara algun premio, ou gardar as medallas no despacho do presidente. Agora ben, o Taller que funcionara como poidera, e se non tiñas de comer, pois amañábase como podías.... Neste senso teñen pasados moitos detalles curiosos.

Resulta que ain vir os Reis á Diputación. O Taller fíxolles unha zanfona e unha gaita. Obséquio da Diputación.... dacordo. Entón un mes antes, chamounos o presidente da Diputación e díxonos que non había problema, que neste tempo o Taller estaba arranxado, acondicionado para que os Reis baixaran. Pero houbo señores que contaron que nós lles presentáramos os instrumentos aos Reis. Se queres, xa non nós, pero o alumnado.... Non, encargá-

ronse de que non se arranxara o Taller e díxéronnos que marcháramos para a casa. Así o fixemos. A novidade é que un fillo dun señor da Diputación foi o que fixo a demostración. Os artesáns e os alumnos non estiveron presentes. A raíz daquilo, eu tiña dúas alternativas, ou marcharme para o Taller da casa, que xa non me chamaba porque non me gostaba estar encerrado, ou irme para outro lado....

E así empezaches a traballar na Escola de Gaitas de Ortigueira e fundaches o Taller....

A Escola de Gaitas fundouna, hai máis de catro anos, Xavier Garrote. Nun viaxe a Francia, segundo dixeron os xornalistas, foi onde se coceu a marcha de Corral para Ortigueira. Coidaba que aquí podería facer a laboureira que non poidera levar a cabo en Lugo. A Escola de Gaitas, un nome para a historia. Pedíronlle un local a Corporación anterior e concedéronlle. Eu, todo o que tiña, está neste Taller. Monteino con dous millóns de pesetas. ¿Cómo? vendendo unha casa que tiña. Nun principio a Escola era como unha xuntanza de rapaces para ver de sacalos dos bares, das salas de festa.... Agora temos un grupo de zanfona, un grupo de danza, unha grande actividade que os leva a facer moitos sacrificios. A verdade non sei como aguantan, pero gostalles... O Taller é unha rama da Escola entre todos tentamos de que vaia para

diante, pero falla o aspecto económico. Xavier levaba a Escola pero agora está a dar clases en Santa Comba e sómentes pode vir os fins de semana. Así que eu encargome dos ensaios de gaita. Parece que as barbas imponenles un pouco.... A Escola mantense mercede as saídas que fai.

¿Recibiu a Escola de Gaitas, e mesmo o Taller algunha axuda económica?

A Escola nunca recibiu subvención ningunha. Unicamente o ano pasado, de cara ao Festival, a Corporación concedeunos vinte mil pesetas. Tamén o Ministerio de Cultura deunos un millón de pesetas. Nembargantes, este ano nada. Pedíronse subvencións para o Taller, para o vindeiro Festival, e todo foi denegado. Parece ser que estes non son actos culturais. O Taller é gratuito para quen queira vir adprender e hoxe mantelo costa moitos cartos. Hai que traballar con madeiras especiais, por exemplo, a un rapaz non podes mandarlle facer unha peza de gaita en pino se logo a ten que rematar en buxo ou en ébano. O ano pasado, o Delegado do Ministerio estivo no Taller e concedeunos medio millón de pesetas. Logo no Ferrol dixo que a subvención ía ser definitiva anualmente. Pero diso agora esqueceronse todos. Pola contra, unha chea de cartos foron parar a entidades que case son capitalistas....

Ao mesmo tempo. O Taller artesán leva a cabo unha gran laboureira de investigación....

Si. Tamén hai que decatarse de que o artesán domina moitos oficios, tes que facer torno, talla, incrustar, traballar co metal... Ao marxe da Escola de Gaitas, investigamos na música popular. Hoxe temos recollidas unhas 600 pezas para gaita e mesmo o que se leva escrito a este respecto. A min o que me gustaría sería que se profundizara no folclore natural. Haber hai moitos "Cancioneiros", pero algun deles non val nada, como o de Barrié de la Maza. Nembargantes, todo o mundo recorre ao de Castro de San Pedro... Doutra banda, hai que buscar unha uniformidade. A muiñeira é toda igual, pero como os nomes das pezas foronse borrando, así agora a "Danza das Patelas" chámase "Muiñeira das Patelas".... A música é como unha persoa, tal como nace....

¿Cómo ves o futuro da Escola e mesmo do Taller?

Coma ben dixo Xavier Garrote, pase o que pase a Escola ten que vivir, porque non nos poden quitar a cultura do pobo....

XOSEFINA L. CORRAL

FESTAS DE OURENSE 1980 ou como trocar a cultura polos cabalos

A cultura-cine e teatro galego.-quedou eliminada en beneficio da hípica.

Por decisión unilateral —no fondo a causa dunha alianza U.C.D.—C.D.— a cultura quedou barrida do programa das festas maiores da cidade de Ourense que terán lugar do 1 ao 8 do mes de xuño. A actual comisión, presidida por un coñecido membro de Alianza Popular, gran empresario "vinícola" de Ourense, despois de ter aceptado o programa cultural previsto, no que ia haber cina para maiores e nenos, teatro galego para nenos e adultos, guiñol galego, actividades culturais no día do neno e festival "folk" con grupos musicais e cantantes galegos, en base a que "la cultura no son fiestas" decidiron non subvencionar estes números e retirar o presuposto —900 mil pesetas— previsto para cultura, dentro dun total de sete millóns e médio.

Craro que a razón tamén estivo en que o número do concurso hípico Ourense non ten ningunha tradición en hípica vai costar a frioleira de 600 mil pesetas.

Ou sexa, que se troca a cultura polos cabalos. As malas línguas dín que a razón está en que a muller do presidente da comisión é unha aficionada da montaxe a caballo, como demostra o feito de que sube moitas veces a "Bemposta" para montar os cabalos do circo dos "Muchachos".

As festas do pasado ano pasaron sen pena nin gloria fundamentalmente porque aquela comisión somentes puido contar cun presuposto de tres millóns e médio de pesetas, co que pouco se podía facer. Aquela comisión tiña interese en organizar as festas do 1980, pero púxolle unhas condicións tan fortes ao concello —para nós bastante xustas— que este preferiu facer unha comisión nova. E así foi como o actual alcalde de Ourense en carta persoal invitou a formar a comisión deste ano ás asociacións culturais, recreativas e deportivas da cidade. Craro que inxusta e inexplicabelmente o concello esqueceu-se de invitar ás asociacións de veciños da capital e tamén ás asociacións de carácter xuvenil que, precisamente, foron os derradeiros que nun comunicado se manifestaron en contra da comisión e do programa das festas que van a dar comezo.

A chamada acudiron "Albor" de O Couto, "A Troia" de A Ponte, Círculo Recreativo de Artesans, Liceo Recreo Ourenseño, Orfeón Unión, Coral de Ruada, Club de Tenis, Asociación de hostelería, asociacións estas todas vinculadas dunha forma ou doutra a CD e UCD, e tamén Agrupación Cultural "Auriense" e Cine Club "Padre Feijóo", as únicas que na primeira xuntanza xa levaban ideas craras para o programa. Hai que facer notar a ausencia do Ateneo e da Sociedade Filarmónica Ourenseña, que non acudiron á chamada.

A primeira manobra —o concello-delegado das festas, un dos máis reaccionarios da UCD é o que move na sombra os fios— estivo na imposición do presidente (un home de palla, por outra banda) a todos, sen ser elixido democráticamente, anque cos representantes que forman a comisión millor non ian elixir, e en todo caso peor.

PRIMEIRAS XUNTANZAS

Astra o 24 de abril pasado celebráronse oito xuntanzas da comisión. Tanto o Cine Club como a "Auriense" solicitaron e esixiron desde un comezo que as festas fosen populares, con gran participación do pobo, e cun fondo carácter galego, ao que nun comezo ninguén se opuxo, parecéndolles ben a todos. A sección de Cultura estaba integrada polos representantes da "Auriense", "Recreativa" e Cine Club. Todos dacordo propuxeron a realización do programa

cultural do que falamos máis atrás.

Ese mesmo día 24, co concello-delegado de festas presente, apróbase o presuposto de todos os números, incluído o de cultura, pero decídese por unanimidade rebaxar todo un dez por cento para ter un remanente para imprevistos —agora vimos de enterarnos que o concello aumentou o presuposto en médio millón máis pero a cultura segue conxelada.



O día 28 de abril cando chegan á xuntanza os representantes do Cine Club e da "Auriense", está xa decidido que desapareza do programa, aprobado en principio, a cultura —fundamentalmente teatro e cine para nenos e maiores— por considerar que esta "no es fiestas", o que solapadamente viñase decindo en xuntanzas anteriores, e por iso dun plumazo bórrese totalmente o presuposto para cine, teatro e guiñol. Ante tal decisión, retíranse da Comisión ese mesmo día os representantes do Cine Club e da "Auriense" que ademais xa fixeran contratos en firme con grupos e distribuidoras. Ese mesmo día e na mesma reunión o representante do Liceo Recreo abandona tamén a comisión indignado porque o presuposto destina-

do ao torneo de axedrez —150 mil pesetas— é tamén eliminado. Parece ser que xestións e promesas posteriores impediron o que xa estaba consumado. Sería moi grave que a burguesa entidade do Liceo abandoase o que nun comezo si fixo e, ademais, con razón. O representante da Recreativa non abandonou a comisión porque segundo el "había moita música para estas festas" (sic).

Inmediatamente as asociacións dimisionarias dan a coñecer en sendos comunicados á opinión pública, e aos seus asociados, as razóns polas que decidiron abandonar unha comisión de festas que tan indignamente se opuxo á Cultura. A "Auriense" pola actitude antigalega e anticultural inconsecuente da comisión ao eliminar totalmente a programación de teatro galego ao aire libre e gratuito e de guiñol galego, para poder ter un concurso hípico que está presupostado en 600 mil pesetas e que cando se someteu á consideración da comisión asegurouse que daría superávit polas apostas. Naturalmente a "Auriense" non podía compartir unha escala de valores que relega precisamente a nosa cultura ao menos importante nun programa de festas. E ademais porque xa nen tan xiquera se aceptou facer un programa "artístico-cultural" no noso idioma, pois o oficial xa era imposible vista a actitude da maioría dos membros comisionados.

Pola súa parte, o Cine Club "Padre Feijóo" sinalou que acudiu á chamada como sempre fixo na súa traxectoria de colaboración con todos os que sempre lla pediron (isto ninguén pode negallo) pero que se viu defraudado na súa boa fe ao comprobar as posturas indignas de gran parte da comisión non só fronte á cultura galega senón tamén a calquer

feito de índole cultural, e sobre todo á informalidade e hipocresía dos dirixentes da comisión, cambeando de postura continuamente, decindo hoxe unha cousa e mañá outra. O Cine Club non podía admitir tal ataque á cultura e non podía admitir que os membros da comisión se opuxesen á Mostra de cine cando ningún deles —a excepción do da "Auriense"— asistiu a ningunha sesión das seis edicións que xa leva a Mostra e tiñan a desfachatez de dicir que eran minoritarias. En canto a teatro e guiñol galego atrevíanse a dicir que a xente "urbá" non o comprendía e eles iendexamais foron ver unha representación teatral galega!

En médio destes comunicados un membro da comisión —que non representaba a ninguén

e que sendo da comisión anterior virou a chaqueta— (enterámonos logo pola prensa que é o vicepresidente da comisión) escribe na súa nefasta e habitual columna "Entre bastidores" de La Región un furibundo ataque aos grupos dimisionarios utilizando insultos increfíbeis. O tal individuo que firma coas siglas J.J. e que se apela Feijóo (pero craro, non ten nada que ver co "Padre") ao noso xuicio é o xornalista-millor, escritor —máis antigalego e antinacionalista que escribe na prensa e fala na rádio en Galicia. Un ex-barman, que renega dos seus orixes e que nen xiquera chegou a rematar o bachillerato, e que cada vez máis veíselo o plumero en canto á defensa de ideoloxías moi próximas á extrema dereita. O tal J.J. chegou a propor na comisión o traer a Manolo Escobar, "Los Españoles", unha banda militar, as "charangas", o día do turista e guiñol normal (para el normal é en español, craro), do que haberá a maioría. Fíxadevos que vicepresidente para unha comisión. O tal J.J. confunde ademais cultura popular con populacherismo, sucedáneo que nos dá o consumismo para substituír a verdadeira cultura. Sen dúbida algunha, este señor é un dos que máis manda na comisión e o que máis se opuxo á cultura (cine e teatro). Por iso non debe extranar que a "Auriense" retirese do concurso o seu "maio" e coplas pois J.J. —que semella que está en todo como omnipotente— formaba parte do xurado calificador.

Tamén hai que sinalar a publicación de dúas cartas ao director en La Región nas que dous cidadáns pedían un esclarecemento que botase luz sóbora do que se cocex e segue a cocerse na comisión. O último comunicado publicado é dos dirixentes da Casa da Xuventú que denuncian ao Axuntamento porque non contou coa representación dos xóvenes na comisión de festas.

Posibelmente a estos sigan —deberían seguir— comunicados conxuntos das asociacións culturais galegas, grupos de teatro galego e cine clubs galegos.

COLABORACIONISTAS

O grave de todo isto está no desprécio olímpico, dos de sempre (moitos da comisión co presidente á cabeza opúñanse ao programa en galego pois "nono entenderían os que viñesen de fora" —pensan nos de fora e non nos nosos— e ademais que o galego para máis alá de Benavente xa non valia (sic), e todo isto decían en perfecto galego), non xa só pola cultura galega, senón por calquera actividade de índole cultural. Na falta de dignidade e seriedade para unhas entidades que acudiron cos millores desexos de facer algo en favor da cidade e dunhas festas o máis dignas posibles. Ademais o seu comportamento de apoio a números que presentaban outros foi sempre positivo.

Pois ben, aínda así, a actual comisión conta e vai contar coa indignante colaboración dos seguintes grupos e persoas:

1) Os periodistas que non se pararon a preguntar ás asociacións dimisionarias o que pasara

na comisión nin fixeron a mínima información sobre o caso.

A opinión pública enterouse única e exclusivamente do sucedido polas "cartas al director". E moi revelador o silencio da prensa. E tamén do nivel desta en Ourense. Os periodistas son culpábeis de moitas das cousas que pasan, como por exemplo esta.

2) A Asociación de artistas plásticos de Ourense, que sabedores do que pasou, deseñaron o cartel das festas —menos mal que llo admitiron en galego— un cartel increbilmente malo, pero que cando quixeron pintar un mural na praza de San Martín non llo autorizaron, aínda cando estaba previsto facelo e a Comisión o sabía.

3) O grupo "Rua Viva" de teatro —que dirixe o inefable Manuel Guede Oliva— que firmou por un ano un convenio (medio millón de pesetas) co concello ourensán, e que a noite do 17 de maio non puido representar na Praza da Magdalena porque o propio patrocinador —o Axuntamento— non lle tiña arreglado o enganche da luz. A representación que fará nestas festas este grupo vai valer por todo o teatro galego que estaba previsto. Semellante xogo é verdadeiramente vergonzante.

4) O circo "Los Muchachos" que xa tiña anunciada a actuación no Pabellón de Deportes, pero non llo autorizaron os da propia casa consistorial.

5) A Delegación Provincial de Cultura que en ningún momento denunciou a supresión da cultura nas festas —isto demostra que o que menos lle interesa é a cultura— e non se moveu para que esta se mantivese.

En fin, nas festas non haberá cultura, pero habere hípica, música rock, día folclórico charangas e menos mal algúns gaiteiros e bandas de música.

Paralelamente, o Cine Club "Padre Feijóo" en colaboración coa empresa do "Pequeno Cine" ten organizada xa a séptima edición da Mostra de cine, na que se pasarán seis films de antoloxía. A precios un pouco caros pero a culpa tena a comisión de festas.

Por outra banda o exemplo derono os de O Barco que fixeron o programa das festas en galego e incluíron actividades culturais a base de cine para nenos e adultos e teatro.

Noutros lados da provincia —é unha satisfacción— hai comisións dignas que opinan que a cultura —cine e teatro— tamen son festas.

Algo é algo

PEPE DE TORCELA

Bar



Trangallán

Lepanto, 12 OURENSE

A LEI BASICA DE "EMPREGO" (e 2)

Constitue tamén gravísimo atentado aos intereses dos traballadores, a fixación do período da prestación en base ao tempo cotizado que quedaría asegun este proxecto, nos seguintes termos:

Tendo nos últimos 3 ANOS traballado e cotizado.	Tense dereito a cobrar no Seguro de Desemprego durante.
180 días	90 días
273 días	135 días
360 días	180 días
546 días	270 días
728 días	360 días
910 días	450 días
1.092 días	540 días

Cando, neste momento, 180 días cotizados da dereito a unha percepción de 540 días.

No que respecta á cuantía do Seguro de Desemprego, o proxecto do Goberno contempla unha variación nos seguintes termos:

De tal xeito que, se ben supón unha millora para aqueles traballadores que polas propias circunstancias de eventualidade renovan os contratos con moita asiduidade, así como para as situacións de Regulacións Temporais de Emprego, non supón en absoluto mellora para os traballadores nos que rescindan os contratos e precisen agotar o seguro de desemprego porque non atopan novo traballo. En resumo, rebáixase o tempo e a cuantía, global da prestación. Curiosamente, os señores ministros da UCD que fan estes proxectos, cando cesan, siguen tendo garantizado de por vida os seus sustanciosos "seguros de desemprego", compatíbeis ademais, con outros e ben remunerados cargos.

O perxucio que esta modificación causa a todos os traballadores é tan evidente que esixe comentario, pero mesmo con relación aos miles de traballadores perceptores de seguro de desemprego supónlles unha redución que atenta gravemente contra a súa supervivencia económica.

Por exemplo, na provincia de Lugo, das menos industrializadas do noso País, o índice de desemprego afectaba en cifras oficiais, ao día 31 de xaneiro de 1.980, aos seguintes traballadores:

Paro total rexistrado	6.868 traballadores.
Beneficiarios do Seguro de Desemprego	4.960 traballadores

Ou sexa que 4.960 traballadores -hai que ter presente que os índices de paro van en aumento nos últimos tempos e seguirán esta directriz, sufrirían desde o momento en que isto se aprobase, un grave quebranto e desamparo. Máis aínda, se temos en conta a distribución en atención aos sectores da produción en que se reparten estes traballadores.

Agricultura	49 traballadores
CONSTRUCCION	4.134 traballadores
Industria	918 traballadores
Servicios	992 traballadores
Demandantes primeiro emprego	775 traballadores

Teremos que os sectores menos estabes, con máis contratos eventuais con máis paro, serán por ende, os que en

maior medida sufrirán estas consecuencias, tendo en conta que o dereito a disfrute situaríase en función do período traballado e cotizado, que polas propias condicións de eventualidade, significará períodos sen seguro de desemprego, por canto, o tempo traballado dará só dereito -en xeral- a moi pouco tempo de paro retribuído.

Non cabe ningunha dúbida tampouco do interese do Goberno en camiñar face a privatización do seguro de desemprego toda vez que, baixo o enunciado de "Millora e cobertura voluntaria", non pretende máis que sexa o propio traballador quen pagando a unha entidade privada -Mútua- se garantice o seu propio seguro de desemprego.-(Capítulo II).

Referente ás prestacións asistenciais contempladas no Capítulo IV deste mesmo Título, que as situa nun 75 por cen do Salario Mínimo Interprofesional, por tres meses prorrogábeis a outros tres, para aqueles traballadores en paro que carezcan de dereito á percepción, retornados da emigración, becas e axudas formativas para menores de 25 anos, non se contemplan nen que abarque a todos, nen as situacións específicas que haberán de dar lugar a tal dereito o que constituirá fonte de arbitrariedades e discriminación

Pero non para aí o proxecto de Lei Básica de Emprego, posto que no seguinte capítulo contéplase que o Goberno determinará a súa participación, a do traballador, e a da empresa, o que deixa a porta aberta a unha posíbel e segura ampliación da cuota por este concepto.

No que se refire ás infraccións e sancións sinaladas no Capítulo VII deste mesmo título, contrasta a precisión con que se concretan as medidas punitivas para cos traballadores perceptores, mentras que salta á vista a flexibilidade con relación aos empresarios.

Finalmente, no que se refire á Política de Colocación e fins, non se formulan máis que principios xerais de declaracións de intencións, dentro da filosofía de "reparto" do emprego (potenciamento por pasiva da eventualidade), non se obriga a que o empresario dé traballo ao traballador que a Oficina de Emprego lle ofrezca, en base a unhas escalas de prioridades e necesidades, senón que a Oficina de Emprego cumprirá só a función orientativa de "colaboración na selección" como astra agora.

En ningún momento se conta para nada cos propios afectados, os traballadores nen coas súas organizacións representativas. En resumo: un proxecto de Lei que só beneficia aos empresarios que fomenta máis aínda a eventualidade, que reduce a cuantía do Seguro de Desemprego, que marca o camiño da privatización do mesmo, que fomenta o despido -xa abaratado no Estatuto dos Traballadores-. Un proxecto que, en suma, non crea emprego e permite ao empresario todas as ventaxas de contratación e represión dentro das empresas e que, no terreo político e sindical será utilizado para intentar a sumisión dos traballadores -eventualidade- e para desfacerse daqueles compañeiros que pola súa conciencia e combatividade representen un obstáculo para os intereses do capital.

...Definitamente, un proxecto de Lei ao que debemos opornos firmemente movilizándonos e presionando con forza para impedir que este atropello se cometa coa nosa clase, centrando nesta loita as esixencias que hoxe temos os traballadores galegos, esencialmente de dous tipos: En primeiro lugar, a esixencia de concreción por parte do Goberno de medidas a médio e longo prazo de creación de postos de traballo para todos mediante unha industrialización racional

acorde coas características socio-económicas do noso país, que posibilite asimismo o retorno escalonado dos nosos emigrantes. Obxectivo este que, neste momento inmediato pasa como mínimo pola concreción de medidas craras por parte do Goberno de atención aos sectores en crise, de mantemento do emprego actual, no camiño da reconversión dos mesmos mediante a dotación de postos de traballo alternativos, así como pola garantía efectiva de que ningún traballador será discriminado por motivos de idade, raza, sexo, crências relixiosas, motivacións políticas ou nacionalidade.

En segundo lugar, e en tanto estas medidas non se concreten na solución do problema de falta de postos de traballo, pola esixencia dunha cobertura social mínima para todos os traballadores en paro, que ten que pasar no momento actual polo mantemento da lexislación vixente en materia de prestacións por desemprego, introducindo na mesma reformas que contemplan a extensión do Seguro de Desemprego aos traballadores mozos en paro, aos mariñeiros, aos traballadores agrícolas por conta allea, aos autónomos, aos minusválidos, sen distinción; por un espazo mínimo de 18 meses de cobertura, en cuantía, durante todo o período, nunca menor ao Salario Mínimo Interprofesional. Pola gratuidade de servísios esenciais como o transporte e ensino, afiliación ao Rexime Xeral da Seguridade Social con dereito total a prestacións sanitarias, gratuidade das medicinas, pola garantía de que o traballador desempregado non perda a súa vivenda por padecer esta situación; e que, para os traballadores perceptores por dereito do Seguro de Desemprego, aparte das condicións sinaladas mais arriba, sea garantizada unha percepción que, anque determinada sobre a Base de Cotización correspondente, non poida ser inferior na súa cuantía ao Salario Mínimo Interprofesional vixente en cada momento

Polo mantemento do dereito a 18 meses de Seguro de Desemprego ampliábeis en períodos sucesivos de 6 meses para aqueles traballadores perceptores de dereito que, tendo o período reglamentario esgotado, non lles fose ofrecido traballo e acreditasen situacións de precariedade.

Pola obrigación dos empresarios de contratar inexcusabelmente a aqueles traballadores que as Oficinas de Emprego determine, dacordo cunha escala racional de prioridades fiscalizada polas centrais sindicais para eliminar os favoritismos e discriminacións que diariamente se cometen.

Pola eliminación das bonificacións para as empresas que contraten traballadores en paro, na medida en que deterioran as posibilidades financeiras da Seguridade Social ao tempo que introducen elementos discriminatórios na contratación e tamén pola prohibición da obrigación dos traballadores acollidos ao Seguro de Desemprego de realizar traballos de tipo comunitario e para sociedades con servísios declarados de utilidade pública, salvo contratación laboral reglamentaria e mesmo pola prohibición en todos os casos de substitución de traballadores en situación de folga por perceptores do Seguro de Desemprego.

Unhas condicións mínimas que coxunturalmente en tanto non se creen os postos de traballo necesarios, son elementais para a supervivencia económica de miles de traballadores galegos que como consecuencia da política colonial que padece a nosa Nación vense obrigados a unha emigración ou a unha situación de desemprego das que o único culpábel e responsábel é o Goberno Español.

L. RIOS

don agosto

Por XAQUIN MARIN

ESTADES ROSMANDO SEMPRE, SIN DECATAR-VOS DE QUE O TRABALLO

DIRIXICA AO HOME

ISI! AO PATRON!



VIA DE DESCLASAM

REXIME DE VIDA CASE MILITAR

Na nosa terra, a primeira das Universidades Laborais que se creou foi a da Coruña, cun eixo fundamental nas súas actividades, a marítima-pesqueira de cara a cubrir a gran demanda de man de obra para os conxeladores, como o "Grande Sole". Posteriormente, fundáranse a de Ourense e por último a de Vigo.

O sistema de acceso a estes centros era relativamente fácil. Bastaba un bon expediente académico e fundamentalmente non dispor de abundantes recursos económicos. Os estudantes eran trasladados a outras partes do Estado que non fosen o seu lugar de orixe, e ían vivir nun réxime de internado, sendo a Universidade a que se facía cargo de todos os gastos de mantemento, viaxes, roupa, material deportivo....

"Nos primeiros anos -contanos Xesús Chao e Anxo Regueira, tres anos na Laboral da Coruña, onde entraron con 16 anos- era vida militar pura. Mesmo os que sacaban millores notas eran invitados a unhas merendas que organizaban os do Opus".

As Universidades están divididas en colexos, ao fronte dos cais está un decano ou un director, e que agrupan a un número determinado de internados. "Viviamos oito nunha mesma habitación. As oito da mañá comenzaban as clases deica as dúas da tarde. Baixabamos a xantar e pola tarde nos adicabamos a estudar ou a outras actividades extraescolares". Para saír do centro os pais tiñan que conceder un

permiso especial. Se o denegaban, os internos víanse obrigados a permanecer todo o tempo no recinto, sen poder saír. Dai que unha saída, nestas condicións, fora causa de expulsión. "Cando entrabas dábanche un reglamento de como tiñas que ser. Había catro clases de faltas, leves, menos leves, graves e moi graves". As actividades eran organizadas polo internado, pero o certo é que na práctica non se facía nada. De todos xeitos, aínda que non era obrigatorio cumpría integrarse e participar xa que cando mandaban as notas aos pais, no apartado de "observacións", poñían que non tomabas parte activa na tarefas internas da Universidade.

UNHA BOA INFRAESTRUTURA

Respecto do equipamento de material, laboratorios..., as Universidades Laborais eran a panacea dunha boa infraestrutura. Había laboratorios de física, química idiomas... "Formación Profesional contaba cunhas talleres moi ben equipados, superiores a calqueira centro oficial".

Nembargantes, a participación na xestión educativa do centro por parte dos alumnos era nula. Un sistema xerarquizado e burocratizado non permitía que os internos tomaran parte en nada que tivera que ver coa marcha do centro. "O delegado de curso obrigatoriamente era o primeiro de lista. A partir daí empezamos a organizarnos. Por aquel entón houbera unha folga solidarizándonos cos de Formación Profesional porque non lles daban o título".

Hoxendia, a situación interna das Laborais non variou sustancialmente. Xa non existen aquelas escalas de faltas que daban lugar a contínuas expulsións, pero a represión séguese a practicar dun xeito mais sutil e práctico. Segundo un grupo de profesores "a Laboral de A Coruña é un centro moi complexo respecto dos outros centros de ensino médio porque hai moita xente de administración e servizos xerais, xa que comen a diario unhas 1.500 alumnos, internos e médio pensionistas". Doutra banda, as ensinanzas que se están a impartir son BUP, COU, Formación Profesional, con tres ramas, marítimo pesqueira, electrónica e frío, e uns cursos para xente maior.

Dentro do estamento docente hai tres niveis de profesores: A, licenciados, B, graduados médios e C, mestres de taller. Asímismo, cada colexo ten un director. Todos os estamentos agrúpanse na xunta do colexo formada polo Decano, director e axudantes de Colexos, e tamén persoal de servizos xerais.

Chegado un momento, as contradicións do sistema educativo fóronse agudizando de tal xeito que se viu a necesidade de dar paso a unha participación do alumnado. Deste xeito, elaborouse un reglamento onde se poñía en práctica esta participación. Nembargantes, os intentos de levar a cabo este proxecto víronse sempre frenados polo actual rector, sr. Lisniers, que practica unha política de "tapar os problemas, astra que un día a tapa estoupou e...".

E así, aconteceron as primeiras folgas. Nunha delas en solidariedade con As Enerobas ía mo-

Alá polos anos 56, o por aquel entón Ministro de Tránsito, Alcalá de Fenares, Fuesca, Zaragoza, Cáceres, A Coruña, lacións que abraxian non somentes o aspecto docente sen vo, musical... Deste xeito "a gran obra" de Girón ía facilitar micas tiñan que recurrir as Universidades Laborais. O Ministerio corrian a cargo das subvencións e prestacións de Para isto contábase con estamentos sociais vencellados da mente.

rer un dos alumnos do centro, Emilio Suarez, tentando de colocar unha pancarta. Este ano lévanse producido arredor de cincuenta expulsións, por participar nas folgas que se levan realizado ao longo do curso en contra dunha política de atrancos e asoballamento do rector e organos directivos que o secundan.

O sistema dos traslados "é ilóxico, porque para aquí veñen internos de sitios onde xa hai laborais. Por exempló, aquí hai xente de Madrid, de Córdoba, Almería...".

Asímismo, vendo que o sistema de financiación das Laborais era dabondo dificultoso e na medida en que xa deixaran de cumprir o papel que nun principio lle asignara, "aos alumnos, agora, dáselles unha pequena axuda. Os internos teñen que pagar todo e están obrigados a irse as súas casas unha vez cada quince días, a excepción daqueles que viven moi lonxe".

O sistema educativo íase ver reforzado pola creación dun sindicato dentro do recinto. "Desde Madrid xestionaron a posta en marcha deste sindicato, de tal xeito que a da Coruña conta co maior número de afiliados". Amais disto, "como as Laborais están en desfase respecto da sociedade, agora estáse a plantexar o problema de conservalas. Esta idea de que ao fillo do obreiro




"Nos primeiros anos, era vida militar pura..."

hai que poñelo aparte hai que desbotala".

Mesmo nen no bar nen nos pasillos se pode ollar un bar para sentarse. Parece ser que cando os había "os alumnos perdían o tempo, e así o actual rector mèn chegou a propor que se xera un biombo no bar para que os profesores tomáramos o café nun lado e os alumnos noutro...".

LABORAL DE VIGO, NON OBEDECE A NINGUNHA NECESIDADE

A Universidade Laboral menina de Vigo creouse hai tres anos, coa intención de controlar e desclasificar a clase obreira.



FESTAS DO CORPUS EN PONTEAREAS

Pequenos apuntes históricos

Os dados máis anergos que se teñen sobor da existencia da capital histórica do Condado, Salvaterra, sitúanse no ano 991, no que D. Bermudo otorga á Igrexa de Santiago o privilexo polo que lle dona o Señorío e Val de Lacidarium (a que hoxe é Salvaterra de Miño), Señorío e val que habia herdado do seu pai Orduño III. Os nomes que vai recibindo a zona da influencia e a propia Salvaterra son "Lacitarium" (1.218), "Lazoiro" (1334, aínda que as probas documentales son confusas) e "Lacedurio" (tampouco hai datos que poidan probar con certeza este hastra chegar a 1.258 en que adquire definitivamente o nome de Salvaterra de Miño.

A personalidade do que habia de ser o xermen do territorio e comarca nace en 1.218, no que Alfonso IX para protexer a vilans e pecheiros dos excesos dos señores feudais promete a creación de Vilas e lugares en Galicia. Unha desta Vilas é, precisamente, Salvaterra (Lacitarium naquel intre). Construído o Castelo, a zona foi sempre dunha gran conflictividade. Entre os anos 1.334 e 1.338, Vasco Ozores, natural da Vila, defende Salvaterra do asedio de ataques continuos de Alfonso VI de Portugal. Durante oito días é sometida a cerco e os portugueses diante da imposibilidade de tomala retiráronse, non sen antes queimar algúns poblad. No 1.354, ven a Salvaterra dende Monzón (Portugal), durante nove días seguidos, D. Fernando de Castro, prócer galego, a pro-

testar da conduta do Rei de Castela Pedro I que o día seguinte de casarse coa súa irmá, abandonouna para seguir a súa amante, a de Padilla.

En 1.586, Diego de Sarmiento, Señor de Salvaterra, acude coas súas tropas a defender Pontevedra das incursións do corsario Drake, que días antes desembarcara en Baiona, saqueando esta praza e mais Vigo e tentaba facer o mesmo con Pontevedra.

No 1.603, Diego de Sarmiento, de Soutomaior, primer Conde de Salvaterra, construíu e dotou dun convento a Vila, baixo a advocación de San Francisco, derrubándoo en 1.642 diante do temor da ocupación da praza polos portugueses e voltándoo a edificar en Canedo (Ponteareas). E esta pode ser a data que significa o nacemento da Vila de Ponteareas a dous kilómetros de distancia do convento.

Dez anos despois, en 1.613, por Real Cédula, Felipe III nomea primeiro Conde de Salvaterra a Diego de Sarmiento: nace así, o que hoxe se entende como comarca do Condado, aínda cos límites históricos non estean moi de acordo cos xeográficos e naturais.

Estes pequenos trazos históricos son os que determinan a traveso dos tempos a evolución dunha comarca con persoalidade propia, anque o feito de seren zona de predomínio militar pola súa estratéxica posición cara a Portugal durante o percorrer dos tempos acostumaron dalgún xeito a poboación a unha situación onde o civil se foi habituando a estar vence-

llado e gobernado polo poder da forza e non o da razón.

EVOLUCION SOCIAL E ECONOMICA

Astra fai poucos anos, o único medio de vida da comarca era a agricultura, caracterizada por un intenso dominio do minifundio. As poucas explotacións, ou posíbeis explotacións, que poideran proporcionar unha produción mínimamente rentábel, estaban e sigúen a estar na súa meirande parte en máns dos herdeiros de señores feudais ou caciques. Haberia que distinguir, pois, dúas zonas dentro da mesma comarca: a occidental, preta dos núcleos industriais de Porriño e Vigo, e por tanto simbiótica daqueles e a oriental, a máis alonxada e situada águas arriba do Miño.

Tanto unha zona como a outra, é indiscutíbel, tiveron e teñen como factor máis importante de supervivencia a emigración. Nembargantes a prosperidade, por chamarlle dalgún xeito, nótase moito máis acentuada na zona Oeste.

Polo que respecta a agricultura, o medio de vida fundamental para aqueles que teñen a desgracia de estar vencellados a ela, é a colleita de viño. E o único produto que aporta algo de liquidez as famélicas arcas dos labregos. A horticultura só se da en zonas moi determinadas o resto dos cultivos como millo, patacas, etc., destínanse fundamentalmente o consumo propio. Esta economía, é por tanto, o arquetipo clásico da economía da subsistencia,

paliada, como xa queda dito anteriormente, pola masiva emigración na parte oriental da comarca e pola simbiose na occidental.

A industria existente é a pequena, aínda que ha estabelecidas tres ou catro que dificilmente chegan a concepción de media. As actividades céntranse fundamentalmente nas granxas avícolas, fábricas de derivados do cemento e, como non, a proliferación de graveiras que destrúen decote tanto o leite como as ribeiras do Miño e Tea, os dous ríos máis importantes da comarca.

Todo isto trai consigo a inexistencia práctica de movemento sindical no terreo do campesiñado i en carnes no do obreiro. E hai que engadir que a situación é francamente demencial: O viño do Condado sofre o extremo de anunciar os seus produtos en toda a xeografía galega, sen que as "democráticas" autoridades fagan nada por remediar tal situación. Pódese afirmar que a colleita do Condado do ano 79, unha millores dos derradeiros tempos, está cáseque íntegra a estas alturas, no poder dos cosepheiros, e isto, no Condado, significa fame e apreturas. En canto a situación dos poucos obreiros da comarca, é parecida. Salários infames, falla de seguridade social, despedidos arbitrarios e astra agresións por parte dos patrons os obreiros; a insolidaridade é, evidente, manifesta e as centrais sindicais vense impotentes para crear un mínimo de conciencia obreira, porque hoxe, perder un posto de traballo no Condado, é un luxo de millonario.



"O DEPORTE SOSTEMOLO DOCE CHALADOS"

O Condado e máis concretamente a vila de Pontearreas son un caso aparte do deporte nacional, cunha afición e un auge nalguns deportes que non se dan en ningunha zona.

A súa situación xeográfica, perto de Vigo, súmase o entusiasmo dalguns homes.

Ademais dos deportes que, pouco máis ou menos se practican en todos os lados, resaltan aquí o hockey, tanto a herba como de rodas e o ciclismo.

Para falar do deporte no condado sentáronse coa A NOSA TERRA e unha mesa, algunbos representantes do deporte no Condado, Andres R. Montero, piragüista e impulsor deste deporte na comarca; Luciano Rei, directivo de fútbol e ex-boseador; Xosé M. Gomez, fundador do club ciclista e auténtico mentor deste deporte; Manuel R. Carballido, directivo de fútbol e António Sobrino, presidente da Federación Provincial de hockey.

Velaquí algo do que se falou.

X. Manuel Gomez: O deporte aquí existe e sostense grácias ao pobo. Nos empezamos co ciclismo e ao cabo dun ano xa temos uns rapacés bastantes bos, algun subcampeón galego. Agora empezamos a impulsar tamén o atletismo, pero non hai quen se queira facer responsábel deste deporte e para máis a directiva do club ciclista desfíxose e agora so queda o director técnico e o presidente. E de axudas nada, temos unha escola de primeira e só recibimos trintamil pesetas.

Sobrino: Os problemas son os mesmos para todos, falla de instalacións, de planificación, de axudas....

M. Gomez: Agora estamos levando o deporte a parroquia, e atletismo e o ciclismo, pero as axudas son escasas. O mesmo lle pasa ao piragüismo.

Andrés Rodriguez: E así. O alcalde prometeunos unha axuda, pero aínda a estamos esperando. Estamonos financiando a base de pór bares nas festas e facer bailes nas discotecas.

Manuel Gomez: O deporte ten que ser para todo o pobo, o que hai e que buscar axuda para que cada un practique o deporte que queira.

Carballido: Esa é a meta. Hai que chegar a que o deportista non teña que pagar nada por facer calquera deporte que lle guste.

Rei: O Delegado de Deportes é de Pontearreas pero non se entera de nada. Non sabe o que pasa aquí.

Sobrino: Segundo está artellado o consello pouco se pode facer. O que si fai falla e dismilitica o deporte, levalo ao medio rural, que o deporte sexa para todos, que non só faga de-



porte o que poda financiar. Os cartos distriguense segundo o numero de fichas, que non corresponde en nada ao numero de deportistas.

Manuel Gomez: Aquí no Condado tería que haber un home, pagado pola Mancunidade ou polo Estado para atender ao deporte.

Sobrino: Tes razón, hai que ir iso; hoxe aquí o deporte estase mantendo grácias a doce jamados.

Carballido: Coa política que se esta levando, desorbitase o mundo do deporte. No fútbol tes que lle pagar a calquera rapaz para que xogue e non é só cousa deles, senón que os país só ven o deporte como negocio.

Rei: Segundo se está pondo isto xa logo non se pode sostener un equipo de fútbol. Ademais dos ditos preicios estás os gastos xa que aquí no Condado non hai competición polo que hai que ir a Vigo xogar todos os domun-

gos, xa que eles non queren vir aquí.

Carballido: O pior é que nos poñen unha hora e despois xógase cando cadra. Hai que facer unha liga do Condado.

Sobrino: O que hai que facer e cambiar a política deportiva. Hai que responsabilizar deste ao Goberno. O deporte debe de ser para todos, cousa que aínda non ocorre aquí, para isto é indispensable que empece na escola.

A MASA CORAL DO CENTRO ARTISTICO DEPORTIVO

Manter a tradición en Pontearreas non é tarefa doada. Nunha época onde prima a presa, o reló, a ocupación, soste unha auto-disciplina con pleno convencemento, que leve a un colectivo de sesenta persoas a asumir a responsabilidade de compenetrarse, de comprenderse, de cumprir o compromiso de vencellar os seus intereses particulares aos do conxunto, non resulta moi sinxelo. Noite tras noite, por cordas ou xeral, existen sen falla aos ensaios, que supoñen repeticións tras repeticións, comezo, sempre a mesma canción, sempre o mesmo ritmo, sempre a mesma estrofa, astra conseguir o resultado desexado, é un sacrificio non susceptíbel de envexa; é o reto indudábel para algun sistema nervoso; é o abandono das comodidades, que nalguns casos supoñen o abandono dunhas tazas que serven de relaxante a xornada, a outros o engorro de ter que cambiar un turno na fábrica, os máis unhas horas roubadas á familia, ás mozas, aos estudos.

Falar da Coral é falar de Luciano Doval e de Anxel Viro. Son os dous reponsabeis de organización e artístico, respectivamente. Son os que encetaron a labouira, son os que a manteñen. Créase no ano 1.955 a carón da única Sociedade da Vila, o Centro artístico Sportivo. Anxel Viro pule unhas voces, forma outras. Doval é o encargado, representante, recadeiro, relacións públicas e todos os etceteras que a multiplicidade de funcións que xenera unha masa coral esixe. Así, a traveso de quince anos, tres discos, actuacións na T.V.P., na T.V.E., na T.V.G., primeiros e segundos premios en canto certame ou concurso se presentan, Ferrol, Vigo, Catalunya, Mallorca, Madrid, León, etc, etc.; e despois, o máis importante, o espallamento da súa calidade nas parroquias da comarca, Xinzó, Guillade, Arantei. A ninguén se lle negan, a ninguén lle impoñen condicións económicas en función da súa calidade. A mesma entrega na súa interpretación na T.V. que en Padróns, por pór un exemplo.

E así, desde que foi creada; e nese tempo, uns vanse, outros veñen. Os Grupos Escolares son o viveiro e tamén ali chega Anxel Viro e tamén ali crea corais infantís e tamén elas trunfan: a Coral do Colexio de E.X.B. Virxe dos Remedios, graba no 77 un disco de longa duración con paxoliñas galegas. Alguns daqueles rapacés cantan xa na Masa Coral do Sportivo substituíndo a aqueles que viven a ausencia dos séculos: a súa ausencia so se pode entender no senso físico porque as súas voces seguen aquí réencarnadas e o espírito cos levou a creación desta agrupación musical segue en pé. E o millor premio que podían ter.



ELECTRONICA SOUTO

Servicio Oficial

- TOMSON
- PHILIPS
- SANYO
- ITT
- GRUNDING
- TELEFUNKEN

TV DE COLOR

Servicios técnicos
Instalacións eléctricas

PONTEAREAS

CORCHO- SUPER/SER-
CROLLS- AEG- JUNKER S

San Gregorio, 5-
Tfno. 640096

Talleres ROGET

ELECTRICIDADE DO AUTOMOVIL

Avenida 18 de xulio
telefono 640008
PONTEAREAS

Marqués de Quintanar
(Carreteira nova)
BAIONA



Confitería

LUIS GONZALEZ M.

Neste día oferécelle as súas exquisitas rosquillas e milindres. Toda clase de pastelería fina e variada.

San Gregório num. 6
Tlfo. 640227
PONTEAREAS, Pontevedra

ELECTRICIDADE

BOUZA (ALFONSO E DANIEL)

Instalacións e montaxes en xeral.

- Reparación
- Instalación de sonido e telefonía interior

PLENA GARANTÍA NOS NÓSOS SERVICIOS
Tlfo. 640853 Calvo Sotelo 12, PONTEAREAS

Roda informativa

UNHA MANCOMUNIDADE QUE NON FUNCIONA

O Condado, zona rural acabou da industria de Vigo, ten unha dinámica política propia. Para analizar A NOSA TERRA invitou aos representantes dos grupos máis significativos da comarca a unha roda informativa a que asistiron Máximo Estevez polo PSOE, Ponciano Merán, UCD e Manolo Martínez polo BN-PG. Da Unión del Condado e do PCG, ou non puderon ou non consideraron oportuno asistir.

A comarca está rexida en tres axuntamentos por pseudo-independentes da Unión del Condado, ligados a AP, o das Neves por o PSOE e nos restantes, ten maioría UCD.

Da análise da política comarcal, centrada sobre todo na Mancomunidad, feita polos representantes dos tres grupos políticos, podemos resaltar:

UCD: As candidaturas de independentes son un atraso. Nos axuntamentos debían de gober-

UCD: As candidaturas de independentes son un atraso. Nos axuntamentos debían de gobernar os que estiveran ven estruturados no ámbito provincial e no nacional galego.

No caso de Ponteareas a candidatura é totalmente personalista. Se ao alcalde lle pasara calquera cousa, a xestión municipal quedaría paralizada totalmente. Para min é perxudicial que axuntamentos como Ponteareas estean na man de independentes.

BN-PG: Non podemos analizar a problemática do Condado illadamente. Esta mesma problemática estase dando noutras comarcas de Galicia.

O primeiro dado a destacar é a Mancomunidad existente, que difire moito das que defende o BN-PG.

Esta Mancomunidad non ten unha capacidade de xestión, xa que o goberno non lla otorga. Non se crea a comarca como tal ente, en prexuício das diputación que debían deixar de existir. O territorio non está ordenado segundo a realidade galega. A comunidade foi creada para caciquear, controlar e levar a diante unha política que nada ten que ver coa realidade desta comarca. Podemos remitirnos para velo ao famoso plan do Condado, a infraestrutura sanitaria ou a realidade do Miño, onde o abandono é total.

O respaldo xurídico da Mancomunidad non está verdadeiramente defendido, xa que non interesa, ademais de estar servindo a uns intereses moi



concretos, deixando de lado os problemas xerais.

UCD: E certo que foi unha plataforma persoalista, pero non podemos negar que deu alegrias aos veciños. Os axuntamentos da UCD non se retiraron porque non tiveran o control, senón porque a Mancomunidad debía máis de cuarenta millóns de pesetas. Perdía diñeiro. Fíxose un estudo para ver canto diñeiro tiña que aportar cada axuntamento. Houbo axuntamentos que non tiñan capacidade para aportar estes cartos e retiráronse, este é o caso de Crecente ou

Arbo en cambio outros que se quedaron.

No que si estou de acordo e de que ten un mal enfoque.

BN-PG: A realidade é que os axuntamentos que se retiraron van ter que seguir pagando as débedas. Que a comarca estea hoxe manexada por un determinado Sr. que ten un nome, outras comarcas manexas un grupo político que está hoxe no poder e se chama UCD.

PSOE: Estou pouco preparado neste tema xa que me avisas-

tedes con pouco tempo (o mesmo que aos outros).

Estou de acordo en que os alcaldes independentes non teñen nada que facer xa que non contan con partidos e deputados que respalden a súa xestión.

A Mancomunidad debía de darlle un gran beneficio ao pobo, o que pasa e que hai intereses creados.

Non hai administración e o que vale e para favorecer intereses privados.

UCD: Se a mancomunidad deu perdas foi porque non houbo planificación de gastos. Dáse

o caso de que as máquinas traballan para particulares a prezos máis baixos que as de calquera empresa.

PSOE: As perdas ben poden ser unha estratexia política. Sacáronlla das mans a Castro, estivo uns meses nas mans da UCD, nos que na realidade se fixo unha forza para que a Mancomunidad fose mal.

UCD: Nos fixémosnos cargo por cuestión aritmética, obtivemos máis representantes nas eleccións. Ao non haber diñeiro fixemos un estudo das contas, pero algúns axuntamentos dixeron que non podían pagalo por cuestión dos seus presupostos.

BN-PG: O Asunto non creo tan lineal como acaba de responder senón que a Mancomunidad serviu sempre os intereses dunha forma moi particular, ex istindo polo medio liortas persoais. Primeiro colleuna Pepe Castro, logo a UCD e Castro ameazou con retirarse polo que a UCD lla deixou, ao non ter uns obxectivos específicos.

UCD queixase de Pepe Castro e ela está facendo o mesmo en axuntamentos onde ten a maioría.

PSOE: Non me gusta falar de Castro xa que non está aquí, pero o caso é que a Mancomunidad colleuna o Centro e fixo o máis completo ridículo.

BN-PG: Nós estamos pola mancomunidad pero dándolle un peso específico e recoñecendo as realidades da parroquia; unha comunidade que sirva aos intereses populares e non que sexa unha plataforma caciquil.

PSOE: A UCD non pode presentar ningunha alternativa a Mancomunidad, xa que a tivo nas mans e fracasou.



"CUEVAS"

BAR-RESTAURANTE



Especialidade en: Lamprea,
Churrasco e Bacallao á Brasa

(PONTEAREAS)

Polyester REY

Revestimentos de Terrazas; Piscinas, Depósitos de Auga, Furgonetas para Pescado, Flotadores para Mexiloneiras, Embarcadores e pezas especiais

CON TOTAL GARANTIA
CARRETERA DE GANADE
(A 80 M. da Xeneral)

PARTICULAR: C/. Reveriano Soutullo, 36-Segundo.
Teléfono Provisional 640771 - PONTEAREAS

"CICLOS JULIAN"

Venda e reparación
Todo para o Deporte



Visitenos en

Fernández de la Mora
PONTEAREAS

GENERAL ESPAÑOLA DE

SEGUROS
E


AXENCIA DE VIAXES
"EL CORTE INGLES"

delegado LONGUEIRA
Oficinas: Pl. Arxentina, s/n
PONTEAREAS

A SU SERVICIO...

TIPOGRAFIA

OFFSET



Teléf. 64 0169
PUENTEAREAS

LIBRERIA

XA

Vila de Negreira, 3
Tif. 261975
A CORUÑA

RADIO ELECTRICIDADE
TELEVISION

SERAFIN GARCIA BOUZA

Plena garantía nos nosos servizos
Calvo Sotelo 12 PONTEAREAS

VIÑO DO CONDADO

Eternamente se denuncian os problemas e eternamente as autoridades competentes fan mutis e quedan sen solución, por iso este artigo quer ser un fiel testemuño de que está a acontecer co viño recoleito na nosa comarca, nembargantes ou se toman solucións drásticas ou o agro do Condado (as familias labregas) recibiran un pau económico que levará consigo a súa desfeita.



MANUEL SOTO

Non é raro nen estraño senón o mais cotián chegar a calquer bodega e atoparse coas tinallas e os pipotes cheos de viño, namentras en todas as cidades de Galicia (Vigo, Santiago, A Cruña, etc.) nos seus bares e tascas locen grandes rótulos que din: VENDESE VIÑO DO CONDADO ESPECIAL", señores isto é de risa pois se só o 50 por cen do viño que se vende nas tabernas fora do Condado (como reza o seu título) as bodegas quedarían valeiras e atoparíamnos diante dun proceso de comercialización real, cousa que neste intre aproveitan catro coma sempre pasa no noso país. Sen ir máis lonxe, Bodegas Garcia de Porriño e os Chuvias de Xinzo venden máis viño do que se colleira en toda a comarca e que se saiba non mercar nen unha pipa na mesma.

O prestixio dos nosos caldos que acadou fama internacional pola súa pureza e a súa variedade de clases, que foi cantado por moitos poetas, está sendo botado por terra por aqueles que con este comercio de "viños" adulterados enganar aos propios consumidores, que solicitando un viño do Condado servenlle un pouco de purrela con alcohol como se do noso viño se tratase. Tan culpábeis son os "fabricantes" como os espendedores e os únicos perdedores os labregos e estafados os clientes.

Esta é a problemática actual, ou a máis importante e a que hai que facerlle frente con uñas e dentes pois de ela depende a fama do noso viño e en definitiva o ser ou non ser do labrego do Condado.

ARTESANIA

Condado é artesanía: viños, cacharros, gaitas. Bebese, tocáse, cántase, trabállase.

O viño do Condado e calor feito día a día pola choiva, o sol, polo traballo, pola alma.

A mesma alma que en mecer moldea o barro, pouco a pouco, volta a volta; amasada tras amasada; e van saíndo tarteiras, botixos, tazas, xogos de queimadas. E

cando o artesano pode pôrse en artista saen horreos, potes que parecen ferro, canóns que non disparan, castelos, caras; mil e unha figura feitas de terra e água, feitas de paciencia, de sabiduría, de traballo, de ánima.

Como o viño é ledicia e a ledicia é cante, é baile, é garama, é música, no Condado se fan tamén gaitas.

Na Limia, de buxo e corno, de caña, baise moldeando a música, baise facendo a gaita.

As mesmas mans que agarran os cachorros, que beben o viño, que tocan a gaita, tecen tapices de froles nas ruas para que pase a forma sagrada.



BIEITO DE LAXE

Alfombras de froles TRADICION E RELIXIOSIDADE

O día de Corpus as ruas de Pontearas aparecen cubertas dun tapiz multicolor formado por froles e follas.

A meirande parte do pobo pasou "tecendo" toda a noite e sen igual alfombra por encima da cal vai pasar a procesión co Viril. Noite agora de xolda a rebumbio polos moitos visitantes que se dan cita na vila do Condado para ollar como se fai a obra de artesanía. Noite de traballo e cabreos para os artistas: "agora ben tanta xente que non nos deixa traballar astra algúns nos pisan as froles".

O traballo xa empezou moito antes coa colleita do mirto e a súa esfolia e armacenaxe nunha adega escura, alí xunto do viño do Condado. Logo a mimosa, máis tarde as froles: fiuncho, árnica, rosas... froles do campo, do xardin e se fai falla, tamén das macetas.

Seleccionanse os pétalos segundo as distintas tonalidades, enchen os buracos das ruas de aserrín, hoxe xa hai menos que algun tempo, e os artistas comezan a marcar os dibuxos. E colócanse contino para que non se misturen, unha ar, unha treboada e a voltar a empezar.


Os primeiros traballos case son exclusivos das mulleres, que están case sempre menos ocupadas, marcar os dibuxos é cousa dos homes.

Os de Pontearas, que están descontentos coa masificación que está a sufrir a festa, non poden ollar unha procesión sen manto multicolor.

A tradición vén de lonxe e din que foi instituída por un crego. Afirman, así mesmo, que a Sitiges foi levada a costume por dous soldados que fixeron a "guerra" en Pontearas. Os canarios tamén copiarían.

Antes desta costume alfombrábase as ruas con espadañas, como outros moitos sitios de Galicia, a costume fíxose agora arte.

⊙ achegamento do arte ao pobo.



FORON MOZOS
de fora ¡Ben
que eu chos vin!

E qué demo podeche ser isto?

Aí, que che vou saber eu... pro, pra espantallo ben valia!

Virxe das Neves!!




**O PASTOR
ELECTRICO**

NA SUA ZONA HAI UN
DISTRIBUIDOR; PIDALLO

Rua Nova, 50
Apartado 322

Tfno: 982-217165
982-211107

LUGO

laborales: ENTO E EMIGRACION

Gijón, creou a primeira Universidade Laboral en Gijón. Nun proxectivo práctico real, crear man de obra especializada. Man quando. As Universidades que posteriormente se foron creándose, Vigo, Córdoba..., estaban dotadas de todo tipo de instalacións para o desenvolvemento doutras actividades no eido deportivo. Facilitaban o desenvolvemento de actividades deportivas e de ocio. A ideoloxía dominante ía prevalecer dun xeito notorio. O ensino no Estado español: cregos e monxas, maioritaria-

Andolle a un sector dela determinado tipo de situación, é dicir, cumprían unha función repressora. Igoal que na da Coruña, as enseñanzas que se están a impartir son BUP, COU, Formación Profesional e clases para adultos para conseguir o graduado escolar. Segundo Ramón Ribeiro, un dos profesores do centro: "a creación desta Laboral non obedece a necesidades urxentes, por que o ensino que se ía dar xa se impartía noutros centros de Vigo, mesmo despois creouse o centro de Formación Profesional do Ourense..."

Ao principio, ás rapazas obrigábaselles a ir uniformadas. Ho-

xendia para entrar e saír do recinto teñen que presentar o carnet especial que se lles dá ao comezar o curso. O número total de alumnos é duns 600. Cuarenta e dous profesores dan as clases das distintas ramas. O número de internas ven a supor un 40 por cen. E aproximadamente un 60 por cen das internas son galegas. O resto, de Asturias, León, Zamora, Salamanca, Valladolid e Palencia. Tampouco se explica isto na medida en que hai universidades laborais femininas en Almería, Zaragoza e Cáceres.

Ao comezo da posta en funcionamento desta Laboral as fontes de financiación correran a

cargo das Caixas de Aforros, do Fondo Nacional de Protección al Trabajo, das Mutualidades e do Ministerio de Trabajo. Hoxendia, a financiación corre a cargo dos presupostos xerais do Estado.

A pesares do réxime de represión, conflitos internos, todos os que se poden deducir da situación dun internado, non houbo expedientes nen expulsións". Asemade, as internadas teñen que regresar ao recinto as 10 da noite e unha educadora pasa todas as noites lista, para comprobar que non falta nengunha das internadas.

"O que si se está a producir é un proceso de incorporación gradual -sigue a dicir Ramón Ribeiro- ao noso idioma por un grupo de profesores e por parte do alumnado". Se ben non se pode falar dunha liña represiva da Dirección do centro, si dunha falta de compromiso, de novos planteamentos, na medida en que "todas as decisións veñen dadas desde Madrid".

Outro dos problemas que actualmente teñen plantexadas as Universidades Laborais, pola súa recente integración ao INEI, é a integración do persoal non docente. "O persoal de servizos xerais -dinos Celso López, xefe de almacén da Laboral- imos ter dabondas dificultades porque entramos simplemente por concurso de méritos e ademais agora a nosa categoría non existe".

Asimesmo, o persoal de servizos contrátase anualmente, pouco antes de dar comezo o curso. "Hai tres tipos de contratos, mantemento, limpeza e cociña. Cando comeza o curso os contratan, pero ao chegar as vacacións os mandan ao paro. Desde xeito nunca teñen un osto de traballo fixo, asegurado. Tamén as ameazan decíndolles que se non se portan ben para o vindeiro curso non as contratan. Houbo xente a que non lle pagaron o que lles correspondía proporcio-

nalmente á paga de Nadal, a pesares de asegurarlles anteriormente que así o ían facer". Ou ben, van a oficina de desemprego e tópanse coa sorpresa de que non teñen cuota dabondo para poder pasar ao paro, porque o contratista non tiña cotizado á Seguridade Social.....

MAN DE OBRA PARA A EMIGRACION

Segundo Elena Veiguela, que foi profesora na Laboral da Coruña e hoxendia eo na de Ourense, "a Laboral de Ourense programouse nos anos 60, cando a emigración a Europa estaba en auge". Por outra banda, "unha das súas especialidades é a electrónica e automovilismo, cando que en Galicia non hai industrias que absorban man de obra en electrónica, e así, moitos do que estudaron esta especialidade andan agora de electricistas coas empresas de construción. Se miramos o tipo de promoción que fixeron dos fillos dos traballadores vemos que foi para mandar man de obra para a emigración...".

"NON SON RENTABEIS..."

A situación actual dos becados, que como antigos alumnos de Laborais, seguen a percibir, por Caixas de Aforros ou por Mutualidades, duns anos para aquí e sobre todo neste curso é dabondo apremiante, na medida en que os pagos aínda están empezando a facerse agora, no mes de maio. "A cuantía das becas, á hora de realizar estudos universitarios é de 99.000 pesetas para quen vive en pisos ou en residencias. 67.000 para todos aqueles que vivan cos pais e 112.000 para residentes de Colexos Maiores. "O pago das becas, ao principio, dividíase en dúas partes, unha primeira en xaneiro e outra en marzo. Ao pasar do tempo, os pagos fóronse retardando chegando a situación en que agora nos vemos".

O problema xurdiu a raíz do

decreto que regulou que as Caixas de Aforros investirían na "Obra Social Nacional". Entón a partir dai as Caixas deixaron de pagar a cuantía das becas.

"Este ano non se veía a posibilidade de cobralas. No caso de que non as renoven moitos terán de abandonar a Universidade. Asta que os mesmos becarios empezaron a prantexar o problema non se lles comunicara nada. Postos a falar coas Caixas de Aforros dicéronnos que "non eran rentabeis".

A vista de que non se ía solucionar o problema, os becados solicitaron unha entrevista co presidente da Xunta, o cal lles prometeu que tentaría arranxar a situación. Despois co Rector da Universidade, quen nun primeiro momento negábase a recibilos. Despois de mil dificultades, os pagos estánse levando a cabo.

O que si se descoñece é que vai pasar o ano vindeiro. O que vai acontecer coas Universidades Laborais, é fácil de supor xa que lembrándonos aquel proxecto do Ministerio de Educación e Ciencia no senso de que "es importante la formación de los emigrantes, especialmente en su aspecto profesional. Esto obligará a especial consideración al planificar las especialidades a impartir en los centros de Formación Profesional". Especializarse para... emigrar.

XOSEFINA L. CORRAL
Reportaxe gráfico:
ALBAN LAXE

Nota de R. - Nas páxinas centrais do noso número 106, que adicamos a textos literarios ineditos, apareceu unha inexactitude. Na "ficha" autobiográfica do poeta Manuel María, indicabamos que alá polos anos 60 recibira o premio "Adonais" do poeta. Ben, pois ese dado non é real e como tal aquí o indicamos.




...ora din que as becas non son rentables..."



¿REXION GALEGA OU REXIONS GALEGAS?

MISTICA DO GALEGUISMO



O termo rexión é un dos máis abstractos entre todos os termos xeográficos. Basta ouvirmos falar no eido da xeografía para comprendelo: as rexións tropicais, as rexións subdesenroladas, as rexións industriais, a rexión levantina, a rexión de París, etc. En ocasións o termo engloba espazos xeográficos de miles de kms., outras pouco máis dunhas dúcias. Ante isto habería que preguntarse ¿qué é unha rexión? ¿trátase dun espazo "humano" ou trátase dun "físico"? ¿son áreas unificadas polo home ou polas condicións ambientais?

Esta abstracción dá coma resultado a grande cantidade de definicións: "Unha extensión onde as condicións físicas son homoxéneas", "as rexións son verdadeiras unidades onde cada unha amosa á vez unha diferenza física e cultural coas veciñas"; ou unha inda máis complicada: "entre o continente e a cidade, hai unha extensión, algunhas veces máis vasta que o estado, outras máis pequena: é a rexión humana". Penso que abonda para amosar a pouca valía dun termo.

Do que non hai dúbida é de que o termo naceu xunguido a un intento de ordenación do espazo por mor dos xeógrafos e foi aproveitado politicamente para crear áreas administrativas. Xurden así as "resións administrativas" baseándose na "homoxeneización física (climática, fundamentalmente)" e, ao mesmo tempo, escomenzan os intentos que a realidade "rexionalizada" é uniforme. Hai un claro intento, non sabemos se premeditado ou non, por xustificar un feito que se fixo, e perdón pola esquematización, polos políticos máis que polos xeógrafos. Pensamos que a mellor maneira de amosar o que acabamos de ollar e referirnos a un caso concreto: Galicia, posta moitas veces coma exemplo de "rexión típica".

O CASO GALEGO

Cando se fala de Galicia, desde fóra, relacionana con paisaxes sempre verdecentes, con abundancia de choivas, con ceos chumbosos, rica en días de choiva e pobre en días de sol; dá impresión de que o noso solar somente ten granitos e que a súa vexetación é sempre boscosa.

E a imaxe que nos pintan non é totalmente falsa; é certo que as precipitacións son abundantes en Galicia, que son habituais os campos verdecentes e os boscos apretuxados, pero non é menos certo que hai extensas áreas galegas que se asemellan máis, desde o punto de vista climático, á Meseta que á costa; que hai outras onde a oliveira ou érvedo, plantas mediterráneas, campan facilmente, ou outras mais onde as lousas dominan os camiños e as casas. Vemos xa de entrada que a tan cantada uniformidade -que existe, como veremos mais adiante- nace doutras razóns que as que motivan a existencia de "rexión" e hai que ila deixando de lado.

Si nos fixamos nos materiais que forman o solar galego podemos darnos conta de que xunto aos granitos, que predominan fundamentalmente na Galicia occidental, inda que esten presentes nas outras áreas, abundan os xistos que se fan co solar central-occidental galego; as rochas básicas, que o fan por terras de Ortegal, Bergantiños ou Melide; as pizarras que teñen o seu dominio en toda a extensa área oriental galega. etc., etc.

Se facémós outro tanto coas condicións climáticas facilmente nos damos conta de que estas van cambiando desde a costa ao interior, tanto desde a occidental como a septentrional. Así vemos que as precipitacións son moi abundantes no Noroeste galego e van decrecendo cara as Rias Baixas, e fundamentalmente cara ao Sueste, onde atopamos condicións francamente mediterráneas, mais tamén na Terra Chá ou na Terra de Lemos, ou na Limia atopamos outras moi diferentes das tan cantadas oceánicas-húmedas. Hai unha diversidade climática clara e facilmente perceptíbel, chega ir desde Santiago a Ourense para notar como a partires de Lalín as condicións comenzan a cambiar: comenzan a decrecer as choivas e a aumentar as temperaturas.

Coma consecuencia disto a vexetación ofrécenos sensiblemente diferente entre a costa e o interior. Ali o bosque oceánico, cando non está degradado (e están moi poucas veces), ofrécenos verdecente e farturo en especies de sobobosques; nas terras do Sueste temos unha paisaxe totalmente diferente coa presenza doutras como os érvedos, os sobreiros, as xaras, etc., e dentro da vexetación cultivada con enclaves de oliveiras.

Clima e litoloxía únense para dar orixe á grande diversidade de casas rurais: as Mariñas, a Terra Chá, o Cebreiro, Valdeorras, As Serras sulorientais, O Ribeiro, Monterrei, chairas e vales, serras e costa ofrece unha rica mostra de variedades. Casas pechadas en sí mesmas como as das Mariñas, con facianas almenadas como as da Terra Cha, con patín como as do Sur, ou circulares como a palloza, etc., etc.

Todos os factores influiron nesta diversidade de paisaxes, nesta multiplicidade que nos ofrece Galicia; donde está, entón, aquela "rexión natural", base da rexionalización? Habrá que falar pola contra, e pódese facer, de rexións caracterizadas fundamentalmente polo clima, mais non dunha rexión.

Dixemos que Galicia era uniforme nalguns aspectos, aspectos que non eran os que se tiñan en conta, senón o contrario, á hora de facer a rexionalización estámonos a referir á CULTURA GALEGA, froito de milenios de historia. A cultura galega, a lingua, os costumes, as tradicións, con todas as variantes que se queira, son os elementos conformadores da razón de Galicia; cultura que por suposto dalle o carácter distintivo a nosa terra e a fai diferenciarse do entorno. E si paisaxes FÍSICAS como as que temos en Galicia, froito da litoloxía, o clima, as augas e os ventos, poderíamolos topar noutras latitudes, paisaxes CULTURALS, froito dunha cultura determinada, unicamente poden ofreceranos no lugar onde se desenrolaron a través dos séculos, neste caso en Galicia.

Non obstante as razóns culturais non foron a causa da rexionalización, pois se así fora non se intentaría aculturalizar Galicia a través dos séculos, senón ao contrario fomentar máis e máis a cultura.

Foron, repetimos unha vez máis, razóns físicas, naturais, as que se espuxeron para rexionalizar. E elocuente é que durante moito tempo estivo tentado amosar esta "originalidad de la región gallega", e non se falará para nada da existencia dunha NACIÓN GALEGA.

AUGUSTO PEREZ ALBERTI (da SOCIEDADE GALEGA DA XEOGRAFIA)

A palabra "mística" ten varios sentidos, algúns deles peiorativos. Eu fixareime só no significado "millorativo". A mística indica un anseio de posesión, "unha tendencia", que ten como obxecto un ser sumamente amado que normalmente se identifica con Deus. A persoa imbuída deste sentimento desvaloriza todos os ben terreos e revaloriza todo aquilo que conduce máis axiña ao destino querido. A este respecto é elocuente o que dicit San Juan de la Cruz:

"En mí yo no vivo ya, y sin Dios vivir no puedo; pues sin él y sin mí quedo, este vivir, ¿Que será? Mil muertes se me hará, pues mi misma vida espero, muriendo porque no muero".(1)

A relación con Deus basease non no coñecemento especulativo, racional, senón no emotivo-sentimental, o cal non impide senón que incluso soe ir acompañado dunha anterior e posterior racionalización a nivel intelectual. Deus é o ser que virá colmar a incompletitude, imperfección e entidade diminuída do home.

Hoxe o home non se sente identificado con "transcendencias vacías", con representacións quiméricas e utópicas, con proxeccións de esencia alienadas. Hoxe o home busca a súa plenitude na liberación das súas posibilidades humanas, no reencontro coa súa mismidade corrompida por un longo proceso de explotación do home polo home, dos pobos polos pobos.

Historicamente, o avance no recoñecemento dos dereitos individuais primou sobre o recoñecemento dos dereitos das colectividade diferenciadas. Moitos partidos que defenden as liberdades dos individuos, tanto materiais como formais, aceptan o dominio e a opresión duns pobos sobre outros. Porén, como di Castelao, non existen individuos libres en pobos asoballados.

A galegitude é unha comunión mística coa terra propia, coa terra dos pais e abós, coa pátria. E a vivencia do noso ser baseado nunha toma de conciencia racional da nosa entidade diferenciada pero depauperada e diminuída, do noso pasado e presente de avasamento e colonización. Encárnase, nos galeguistas, a nivel de sentimento que invade e seduce ao home, que embarga o seu ser e que o empuxa a loita pola recuperación da súa identidade con amores platónicos etéreos. Manifestase como entusiasmo, como vivencia emocional íntima que busca descarga en accións moitas veces disconformes coa ideoloxía socialmente imperante. Desde o punto de vista non comprometido pode recibir o inxusto apelativo de "fanatismo" que indica que o que o profere non sintoniza co estado de ánimo embebido de amor a terra do auténtico patriota, do home que loita por ideais que non recompensan a nivel individual e que moitas veces incluso producen sinsabores.

Está mística galeguista é a esperanza de redención da terra, a base de grandes proezas que permitirán erguer a nosa nación do estado de decadencia e postración no que se atopa.

Toda política que non esté respaldada por unha fervorosa adhesión a ideais está chamada a converterse nunha ideoloxización esteril. Esta adhesión refléxase en sentimentos moito máis nobres e sublimes que os que surxen dos intereses individuais. Esta vivencia íntima debe ir acompañada dunha elaboración racional das accións a toñar coa finalidade de encamiñarnos dun xeito coerente e consecuente ao obxectivo final: unha Galicia ceibe e reconciliada consigo mesma onde os seus fillos encontren a súa autenticidade e o seu acougo.

(1) San Juan de la Cruz, Obras Completas, BAC n. 15 Madrid 1.960.

RAMON VARELA PUÑAL



ESPAÑA A moción de censura, o cabo do consenso

XOSE LUIS G. LABANDEIRA

Na tarde do día 21 pasado, cando, doente do aborrecemento e da falla de discusión de alternativas craras que vén caracterizando ao Parlamento español desde o 77, decorria o debate sobre a política do Goberno, cando a decepción agarda por uns e temida por outros era o único produto do debate entre un Goberno xordo e unha oposición presa pola falla de alternativas tanto como pola de poder foi o principal partido da oposición parlamentaria, o PSOE, quitou unha variñña máxica que tén gardada para ocasións deste tipo, e sorprendeu a propios e extraños presentando unha moción de censura contra do Goberno da UCD.

PSOE: LAVAR AS MANS, VOLTAR PARA A OPOSICION

Dadas as características da moción de censura ao Goberno polo Parlamento, prevista na Lexislación española, son moi remotas as posibilidades que existen de que a presentada no debate o pasado día 21 prospere, porque ao tratarse dunha chamada "censura constructiva", na de presentarse unha alternativa ao Goberno existente; o que, polo tanto, tén que decidir o Congreso non é se lle reitera ou lle retira a confianza ao Goberno, senón entde o Presidente existente e un candidato.

Por isto, dada a actual correlación de forzas no Parlamento español, confirmada a ausencia das forzas bascas PNV e Herri Batasuna e descartada de momento un esgazamento no seu da UCD que lle permitira ao PSOE aliarse cos seus sectores socialdemócratas e liberais, as posi-

lidades dos socialistas de formaren Goberno neste intre son practicamente nulas. O que aparece evidente é que visto o descredito en que está a cair a política do consenso, podía arrastrar aos socialistas, e aproveitando a crecente división interna da UCD o PSOE intenta coa presentación desta moción de censura colocarse ao marxe da política gubernamental, e poñerse en situación de se ofrecer como alternativa cara ao Outono, cando a UCD tén previsto celebrar Congreso, no que é posíbel que as súas contradicións internas aboquen no esgazamento.

QUITAR CONFIANZA NA UCD

Por outra banda, a votación desta moción de censura pode servir, na práctica, para retirarlle a confianza do Parlamento ao Goberno; inda que o número de votos favorábeis ao Felipe Gon-

zález non suba moito dos 139 con que conta en base ao seu partido e ao apoio incondicional do PCE, resulta que as abstencións (que na práctica significan un non a Felipe González, pero outro non ao Goberno Suárez) son ben delas. E en conseguir que o número de abstencións baixe ou suba, é no que se centran os contactos e presións que tanto a UCD como o PSOE están a realizar estes días sobre dos grupos minoritarios do Congreso: Coalición Democrática, andalucistas, Minoria Catalana e Grupo Mixto. Quitrado Coalición Democrática e alguns deputado do Grupo Mixto (que se partirá os seus votos entre unha e outra oposición), as abstencións son case seguras.

DE FONDO NADA NOVO

Polo demáis, o tan agarda do debate ofreceu novidade ningunha maiormente no que lle toca ás orientacións da política gubernamental, quitada unha proposta autonómica xa agardada e que presenta a novidade de poñer o control do proceso descentralizador cada día inda máis nas mans do Parlamento español en temas xerais, e da UCD nas súas elaboracións concretas, ao someter as transferencias de poderes ás leis básicas e desestimar do artigo 151 en favor do

EUZKADI

Os mesmos protagonistas na política euskaldun

Donosti, Maio 24

E evidente que a característica que está surxindo en Euskadi nos últimos tempos (sobre todo desde as últimas eleccións) é a paulatina perda da actividade por parte dos partidos políticos falta de actividade que se ven observando en todos os niveis da política en Euskadi. Dá a impresión de que os partidos están totalmente desconcertados, dun "non saber que facer" froito recollido indudablemente entre outras cousas da confianza que se depositou no seu día no "Estatuto de Gernika" e de que a todas luces se viu na práctica de que non se poida pór en marcha e desde logo non vai poderse pór mentres persistan as estruturas actuais, isto é mentras non se "rompa" con todos os poderes coñecidos político, económico, administrativo, etc.

Todo isto que no seu día frustrou a gran parte do pobo traballador basco, está frustrando a outra boa parte de, co cal estase creando unha conciencia que vai ser moi difícil, moi difícil neutralizar por parte dos partidos políticos, que están perdendo parte da súa credibilidade.

Estas frustracións estanse reflexando por suposto tamén, no seno do Partido Nacionalista Vasco que non se está vendo libre das críticas por parte dos seus propios militantes, que se astra agora non tomaran corpo, agora fixérono no senso que unha parte deles pertencentes ao P.N.V. de Bizkaia abandonaron o mesmo formando a súa propia organización co nome de "Ukabil (puño).

Con todo isto non é aventurado supor que o protagonista da loita pola liberación nacional de Euskadi (polo menos en prazos impredecibles) o sexa a loita armada e os movementos máis dinámicos que actúan a nivel popular dentro de Euskadi como Xestora pro amnistia, comités antinucleares, movemento feminista, bárrios, etc. E apuntaba anteriormente que non é aventurado supor todo isto, pois ultimamente déronse casos de que a intensificación da represión por parte da policía teña provocado que en pobos como Goizueta (Nafarroa) teñan pasado por Comisaría TODOS os habitantes de menos de 30 anos.

O de que en Araba a policía teña chamado a declarar a todo o comité de Michelin-Vitoria a consecuencia do comunicado que o comité publicou a raíz do atentado que sufriu a semana pasada o xefe de persoal (adxunto) o cal entre outras cousas decía: "queremos deixar ben craro que este comité en repetidas veces manifestou, tanto ás autoridades como á opinión pública, o perigo que se corria se a empresa persistía na súa actitude de represión de intransixencia e incumplimento da lei vixente no relativo a relacións laborais" polo que deron argumentos (AS AUTORIDADES) á intervención de terceiros materializándose na persoa do axudante do xefe de persoal".

HAITZKORRETA

Nova dimensión represiva

ANTON OLEA

Igual que no resto do Estado Español, o programa de goberno tén traído unhas repercusións fora do cumun. E non precisamente pola moción de censura socialista a Suárez, senón, pola contra, en base á postura do recién nomeado Ministro do Interior, Juan José Rosón. Nefeuto, ao día seguinte das palabras de Rosón no Parlamento, nas que explicaba a súa maneira de entender, entre outras cousas, o problema basco e as súas solucións, algun peiódico chamaba a atención sobre a posíbel chegada dun estado policíaco da man deste ministro.

FEITO MILITAR

As formas — puñetazos seguidos na mesa durante o discurso — téñense visto acompañadas do contido. As tanquetas téñense convertido en factor xa cotián en moitos puntos de Euskadi. Ante a convocatória de manifestación por parte das xestoras pro-Amnistia de Gipuzkoa, Donosti topouse con que xa dunha hora antes estaba tomada pola Policía, estacionada en todos os recantos das ruas, un gran sector da capital gipuzkoana. Desplegue semellante diante dun feito de relativa importancia como este, aínda non se vira astra agora. Hai que supoñer, pois, que esta táctica tén saído da cabeza do novo Ministro do Interior.

O certo é que Rosón leva conseguidas unhas cortas satisfaccións no seu curto mandado; a última oleada de arrestos tén sido das máis importantes. Aínda sinalando que a maior parte dos arrestados están acusados de pertencer a comandos da pola militar de ETA, é interesante o salientar que a dous policías municipais da vila bizkaína de Arrigorriaga, a Policía ben de calificalos de integrantes nun comando poli-mili.

MORTE POR "ERRO"

O día 23, ETA (m) reivindi-

cou a morte, unha semana antes, en Zumaia, do pequeno industrial Ceferino Peña, anunciando que se confundiran de persoa. Desta volta a poboación reaccionou cunha manifestación que adquiriu unha certa entidade. A Asamblea de Veciños, reunida antes na praza da localidade, acordou non aceptar as disculpas que na víspera ofrecera a organización armada.

A NOVA CARA DE E.E.

O outro aspecto desusado da cuestión é o de que a Xunta Municipal da coalición Euskadiko Eskerra, que xa condenara desde o principio o atentado, ao coñecerse o comunicado dos "milis", pediu a paralización por de o principio o atentado, ao coñecerse o comunicado dos "milis", pediu a paralización por parte de ETA de "todas as accións mortais". "O que din significa que andan á busca doutro, e parécenos inxusto de todo, se non ten opción de defensa". Por vez primeira na historia, unha Xunta Municipal de EE ten arremetido contra dunha morte en acción armada. Convén apontar, ademais, que a pola poli-mili parece ter renunciado ás execucións de hai máis dun ano.

PAISES CATALANS

Xuicio contra patriotas catalans

O vindeiro día 12 de xuño — tal como se informou no número pasado — na Audiencia Nacional de Madrid terá lugar o primeiro xuicio do post-franquismo contra membros do independentismo catalán. Jaime Martínez Vendrell, de 65 anos, e Lluís Monserrat Sangrà, de 27, son acusados de participación no atentado contra o industrial José María Bultó nos graus de instigación e colaboración, respectivamente. O fiscal e mais a acusación privada piden para eles 30 anos e 4 meses de cadea. Pola súa banda a defensa solicita a libre absolución por falta de probas e, en calquera caso, a amnistia, poisque os feitos dos que se lles acusa (acontecidos o 9 de maio de 1977) entran de cheo na Amnistia do 15 de outubro de aquel mesmo ano.

A personalidade resistente e antifranquista dos acusados, a contradición deste xuicio coa amnistia decretada no seu día polas Cortes españolas, tamén, a continua mobilización dos Comités Solidaritat amb els patriotes Catalans desde as detencións de marzo do 79, sitúan nun primeiro plano unha realidade moitas veces ignorada: a represión nos Países Catalanse, concretamente, a situación dos patriotas presos ou no exilio.

Nas cadeas do estado español atópanse hoxe dez patriotas catalans, homes e mulleres que se moven por uns Países Catalans reunificados, independentes e socialistas aos que lle foi aplicada a Lei Antiterrorista e o Decreto Lei de Seguridade Ciudadá e que denunciaron ser sometidos a tortura nos 10 días de incomunicación. Os seus homes son, amais dos devanditos, Jaime Martínez Vendrell e Lluís Monserrat, detidos en marzo do 79, Joaquin Pelagri Piñas e Frederic Bentanax, detidos o 2 de xuño, despois da morte do independentista Felix Goñi; Miguel Argilés preso en Soria e acusado de pertencer a ETA militar, e Albert Rubio, Manu Vieites, Carme Marin Villem Lorenzo e J. Agustí Pérez. todos eles detidos no mes de

marzo deste ano. Restarian, aínda, dúcias de exiliados e outros en liberdade consicional, agardando xuicio.

Segundo os Comités de Solidaritat, estes patriotas amosan todo un proceso xeral de escalana represiva contra o movemento independentista catalán. Unha represión cada vez meirande en plena autonomía, xusto cando o independentismo empeza a ser unha alternativa real fronte ao




estado rexionalizado. Unha represión policial e para-policial, a morte do patriota Martí Marçó o 26 de xaneiro do 79, unha represión que "non dubidamos que seguira aumentando co medre do movemento independentista".

O "CASO BATISTA I ROCA"

Os Comités de Solidaritat chamalle a este xuicio que se prepara o día 12 o "Cas Batista i Roca", "con iso queremos facer un homenaxe á figura do nacionalista catalán Batista i Roca, insigne etnólogo que foi profesor do Trinity College de Cambridge, e que iniciou a súa actividade patriótica coa constitución do grupo Palestra e da organización militar de Catalunya, ORMICA, durante a ditadura de Primo de Rivera. No exilio constituiu o Consell Nacional Catalán co obxectivo de dar a coñecer a loita pola independencia diante dos organismos internacionais e morreu en Barcelona no 79, despois da súa volta recente do exilio. A policía española relaciona ao insigne profesor coa formación dun "Ejército Popular Catalán" ao que pertencían os dous acusados.

Pola súa banda, tanto Jaime Martínez Vendrell como Lluís Monserrat afirman pertencer a unha organización independentista inspirada polo vello patriota Batista i Roca. O primeiro puxo a disposición da dita organización os seus coñecimentos militares para a formación de cadros e os segundo colaborou no aparello de propaganda. Ambos se negan calquera relación co atentado ao industrial Bultó.

Protesta popular nun "satélite" USA



J.J. NAVARRO
LL. MOIX

Corea do Sul enfréntase desde hai varias semanas a unha ola de protesta cidadá que ven de sumir ao país na crise política máis grave desde o fin da guerra que consumou a actual división de península coreana en dous estados.

A crise é interpretada como a "resaca política" da situación orixinada tras do asasinato do presidente Park-Chung-Hee, que dominou ao país con man férrea durante dúas décadas e morreu o pasado outono a mans do mesmo xefe do servizo secreto, nun complot cuas proporcións exactas aínda non foron acraradas.

Tras do asasinato de Park-Chung-Hee que mantivo a Corea baixo un constante estado de sitio - saíron a luz toda unha chea de contradicións no seo da cama-da dirixente coreana.

Por unha banda estaban os militares entrenados na obediencia ao difunto Park-Chung-Hee e mentalizados na postura de reaccionarismo, de guerra fría, que configurou a filosofía militar coreana desde o armisticio que puxo fin a guerra con Corea do Norte.

Por outra banda, os funcio-

narios civís do réxime de Park axiña chegaron á conclusión de que sería moi difícil controlar ao país sen unhas mínimas reformas democráticas e que tanto a tensión política como un golpe de man militar podían botar abaixo o relativamente espectacular desenvolvemento da economía coreana durante os derradeiros anos.

O PROCESO REFORMISTA

Deste xeito iniciouse un dobre proceso reformista, patrocinado desde a presidencia interina do país polo moderado Choi-Kyu-Hah, elixido pola clase dirixente coreana como o home de transición entre o ditador Park e un vindeiro goberno electo. Por suposto, a "apertura" coreana non podía por menos que ser limitada. A lei marcial decretada tras da morte de Park-Chung-Hee mantívose na capital Seúl e a medida que o descontento cidadán e estudantil medraba a espada de Damocles do golpe militar facíase máis visíbel.

A tensión deu un firme paso cara ao paroxismo hai tres semanas, cando unha chea de manifestacións estudantis paralizaron a vida de Seúl durante tres días. Os estudantes pedían o levantamento da lei marcial, a dimisión do goberno e a convocatoria de eleccións libres.

"COMPLLOT AGRESIVO..."

Tras dunha serie de vacilacións entre a moderación e a dureza, o goberno cedeu ás presións militares e nun proceso que revistiu características de "golpe

de estado de hecho" - a lei marcial non samente non foi derogada senón que se ampliou a todo o país.

A resposta popular non se fixo esperar. As manifestacións en Seúl arreciaron e a cidade de Kwangju, a 260 kilometros ao suroeste da capital, sublevoouse en masa contra as autoridades. Segundo as noticias máis fidedignas polo menos houbo trescentos mortos, astra que os rebeldes se fixeron co total control da cidade. Kwangju permaneceu dez días en poder dos sublevados.

Namentras, o exército xa saíra á rua para reprimir aos manifestantes, e os xenerales començaban a falar de "complot agresivo de Corea do Norte". En Seúl os paracaidistas aplastaron as manifestacións estudantis, e unha forza de choque composta por 10.000 homes ocupou a cidade de Kwangju luns pasado.

As últimas noticias indican que se iniciou unha represión a gran escala en todo o país.

SATELITE USA

O interrogante está agora no rumbo que vai tomar a política coreana. Como xa se sabe, Corea é un dos máis firmes satélites dos Estados Unidos en Asia. Consientes dos riscos de radicalización que comporta o descontento e da probábel fragilidade dunha solución militar os norteamericanos e tamén os xaponeses, os grandes veciños de Corea do sul desexarían unha transición moderada cara a algun tipo de democracia forte. Pero Corea, polo seu carácter de zona fronteira con Corea do norte e polas reminiscencias da guerra que ven de manter con aquela, é un estado fráxil por natureza e nen Washington nen Tokio están dispostos a permitir que a situación escape do seu control. Como sempre, a opción dos poderosos entre a conservación da súa influencia ou a construción dun país politicamente estábel vai decidir a sorte do pobo surcoreano.

A "APERTURA" ABRESE LOITANDO

O ano 1979 foi favorábel para o avance das forzas democráticas e populares en América Latina. O derrocamento da ditadura de Somoza e o trunfo dos Sandinistas en Nicaragua foi o punto máis alto desta loita. Co trunfo dos Sandinistas e co forte crecemento das forzas democráticas e revolucionarias en El Salvador, Guatemala e en toda Centro América, iniciouse un período de derrotas das ditaduras militares e de establecementos de réximes democráticos e populares. O comezo deste novo período concidiu coa celebración do XXI aniversario da Revolución Cubana, vangarda da loita pola liberación e a democracia popular en América Latina.

Paralelamente ao avance das forzas democráticas e populares en América Latina, agudizouse a crise económica e política do imperialismo yankee e do campo capitalista en xeral, abrindo para a época que comeza perspectivas aínda máis favorábeis para a loita democrática, popular e revolucionaria dos pobos de América Latina e do resto do mundo.

No Cono Sul, se ben o avance das forzas democráticas e populares ten un desenvolvemento político e militar menor que en América Central, os réximes militares de Argentina, Chile e Uruguay deterioráronse politicamente, os seus procesos de institucionalización non conseguen avanzar e as loitas das masas e da resistencia antiditatorial empeza a tomar corpo e a desgastar política e militarmente as ditaduras.

Chile no Cono Sul é o país onde as forzas democráticas de resistencia antiditatorial lograron o meirande desenvolvemento. O deterioro político da ditadura e o maior desenvolvemento da loita antiditatorial, plantexa para 1980 a tarefa de consolidar e ampliar a Resistencia Popular de masas e a resistencia militar antiditatorial.

- O REXIME MILITAR ENDURECESE
- A INSTITUCIONALIZACION NON AVANZA
- ALONGASE A DITADURA MILITAR
- E ESAVENSE AS POSIBILIDADES DE APERTURA DE RECAMBIO.

O sostido avance das forzas democráticas en América Latina, o trunfo dos sandinistas en Nicaragua e a crecente oposición da Resistencia Popular á ditadura militar, levaron a burguesía monopolista e ao imperialismo yankee a buscar en Chile unha aceleración do proceso de institucionalización. Preocupados pola derrota en Nicaragua e a incapacidade de deter a loita libertaria do pobo só pola vía da represión, a burguesía monopolista buscou a partir de agosto-setembro do ano pasado selar un acordo coa oposición burguesa para celebrar o proceso de institucionalización.

Sen descanso "El Mercurio", a través das súas editoriais, chamaba ao debate e ao diálogo á oposición burguesa para buscar meirandes puntos de coincidencia sobre o futuro institucional e a participación dos partidos políticos na nova Constitución. Mesmo a burguesía monopolista non descartou a posibilidade de que nesa Constitución tiveran unha participación algúns partidos populares.

Pero o movemento de masas seguiu coa súa grande activación e medra a realización de mobilizacións na rua. As masas empezan a romper co temor, aumentar a súa capacidade de organización e saen as ruas a loitar polos seus dereitos. Os traballadores rechazan o Plan Laboral, moitos sindicatos como Good-Year, CTI, CORCESA, etc., votan a folga realizan combativas mobilizacións, convencidos de que a folga "legal" non chega para loitar polas súas reivindicacións. Os traballadores sacan a súa loita do ámbito empresa-traballadores e lévana fora da empresa, ao coñecimento da sociedade. Comeza tamén a coordinarse a loita entre distintos sindicatos e a aumentar a solidariedade entre os traballadores dun mesmo sector xeográfico, surxen os comités de dereitos humanos que loitan polas liberdades democráticas, centos de comités sen casa organizanse e activanse nas poboacións; os organizadores xuvenís e culturais multiplícanse, e a resistencia militar antiditatorial dá unha zancada no seu accionar. Xunto con esta meirande actividade interna da resistencia antiditatorial, os intentos aperturistas e o recambio impulsados polo imperialismo en países como El Salvador e Bolivia, agudizan a crise política de dominación neses países e non logran deter o avance das forzas populares e democráticas, no caso do Salvador fornécense a resistencia militar do pobo.

Os esforzos da burguesía monopolista por consolidar en Chile un acordo máis grande e independente dos traballadores e o pobo. Pouco tempo lle duran a "El Mercurio" os seus intentos aperturistas e de aceleración do proceso de institucionalización. Chega a fin de ano rechazando calquer intento de recambio e calquera apertura no curto prazo. Existe un acordo unánime nos voceiros da burguesía monopolista e do goberno ("Que pasa", "El Mercurio", Jaime Guzmán, Francisco Bulnes, Pedro Ibáñez, etc.), de que o réxime militar debe continuar e que só se debe abrir paso a un prolongado período de "transición" (5, 6 ou 8 anos) con meirande participación civil dos representantes dos grandes monopolios, pero onde o eixo da xestión gubernamental siga recuando nas FF.AA. Mesmo todos os partidarios de que se se segue fortalecendo a loita antiditatorial, non se debe descartar a prolongación do réxime de excepción tal como se coñeceu astra agora. Neste período de transición deberanse complementar coas "siete modernizacións" de Estado que anunciou Pinochet e que non son outra cousa que reformas administrativas, previsionais, educacionais e xudiciais para seguir superexplotando a clase obreira e ao pobo.

Prolóngase a ditadura militar e esvaécense as posibilidades de apertura e recambio. O refugamento xeralizado cara a ditadura, a loita consecutiva democrática do pobo, van facendo cada día máis difícil a institucionalización e a "transición" non pasa de ser outra cousa que a prolongación do réxime no poder. A ditadura debilitouse politicamente e é esa mesma debilidade o que non lle permite institucionalizarse. O refugamento xeralizado do pobo dificulta un meirande concurso entre a burguesía monopolista e a oposición burguesa, e as contradicións entre eles agudízanse. O freísmo DC e o "Grupo de los 24", sendo partidarios que no período de "transición" as FF.AA. xogan un papel primordial na seguridade "interna e externa" e nos "diversos procesos políticos e sociais", non son partidarios que elas encabezen o período de "transición". O freísmo DC ten conciencia que se o proceso de institucionalización se identifica coas FF.AA., alexanse máis das posibilidades do recambio. Pero a vez a burguesía monopolista ten conciencia que se as FF.AA. non encabezan o proceso podería agudizarse máis a crise do réxime. So un meirande fortalecemento e desenvolvemento da loita militar e das masas rematará por derrocar á ditadura e instaurar unha democracia popular e revolucionaria.

o Ensino

Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística



Editada por "PROMOCIONS CULTURALS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

SUBSCREBASE DESDE XAI

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

OLIMPIADAS: O BOICOT DO MEDO

O Comité Olímpico Español o día vintetres dáballe a súa conformidade á invitación feita polo Comité organizador dos Xogos Olímpicos de Moscú. Un día antes o Goberno español sacou un comunicado no que "recomendaba" a non participación dos atletas españois.


A utilización dos emblemas estatais queda pendente de unha negociación co Goberno, anque podese afirmar que os atletas aló presentes desfilarán baixo os emblemas do Comité Olímpico.

Detrás do "non" á participación queda toda unha manobra que enfrenta a dúas concepcións do mundo, manobra imposta polo imperialismo americano. A escusa foi Afganistán pero moitos aseguran que do que se trata é de non quedar en ridículo diante da millor organización do socialismo, que ano tras anos ande a impor a súa supremacía no deporte.

O Goberno español, non podía ser doutra maneira pretendeu levar a cara diante de Carter e de Smith "recomendando" a non participación dos atletas na Olimpíada.

Pero o Comité Olímpico Español, presidido por un home de UCD, non fixo caso anque, eso si, deixou a capacidade de decidir elas mesmas a comenencia

de estar ou non en Moscú ás federacións. Segundo eles, garantízanse así respecto ás decisións individuais, cousa que non ocorreu tempo atrás cando un grupo de atletas negouse a participar na Universidade de Moscú, ou cando outros non competiron nos "Juegos del Mediterráneo" de Split, ou cando algúns non querían ir a os "Mundiales" de



CAMPEONATOS DE EUROPA DE BILLAR

Fai uns anos, alú antes de aparecer a cibernética, esas máquinas tragabolas-tragacartos, na meirande parte dos cafés practicábanse deportes populares; ademais das cartas e o dominó, que aínda se seguen practicando, a cbáve, bolos, a ra e o billar.

Nos tempos da II República coa proliferación das "Casas do Pobo" acrecentouse tamén este xogo gran parte da xuventude da nosa nación xogaba ao billar.

Esta afición foi desaparecendo case totalmente absorvida polos futbolines e deportes como o pin-pong nas chamadas salas de recreo que empezaron a proliferar.

Hoxe parece que rexurde. En Lugo no Circulo de las Artes, celebrouse do 22 ao 25 os Campeonatos de Europa de Billar, modalidade libre. Unha boa ocasión para que o público se reencontre definitivamente con este deporte onde a técnica e a maestría xogan un papel preponderante.

Ao termo dos catro días de campeonato proclamouse vencedor o belga Wesenbeek. O segundo posto foi para o francés Bourezg, mentras que o español José Galvez, ex-campeón de Europa tiñase que conformar coa terceira praza.

E de destacar a gran afluencia de público a pesares de que o local era dunha sociedade privada, así como a ocupación das mesas de billar dos distintos "recreos lucenses".

Significázanse, entre os partidos que se opoñen á participación, o da dereita española e todos se acusan, — astra Fuerza Nueva — nos dereitos humanos, dereitos que non parece que eles respeten moito agora coa proposta negativa da non participación dunhas persoas, que levan anos e anos preparándose para estes campeonatos. ¿non é isto cuarto a liberdade?

Ante este poder de decisión que o COE lles deixa as federacións, haberá algunhas que case seguro non asistirán dado a condición dos seus presidentes.

O que tamén é certo é que detrás do "Sí" do COE está unha manobra política para que Samaranch acade coa presidencia do Comité Olímpico Internacional en substitución de lord Killanin. Coa retirada de Alemania o embaixador español en Moscú —para eso pediu o posto— ten o camiño libre cara a presidencia.

O Goberno xogou os dous frentes e poda que non lle saia nada mal. Queda ben cos americanos, dáseas de demócrata e ao mesmo tempo pon a Samaranch no ansiado posto.

PUCHEIRO

A IRA DE CARTER (sen comentarios)

XII XOGOS OLIMPICOS DE INVERNO

Febreiro de 1976, en Innsbruck (Austria)

Distribución de medallas

Estados	Ouro	Prata	Cobre	Total
URSS.....	13	6	8	27
RDA.....	7	5	7	19
USA.....	3	3	4	10

XXI XOGOS OLIMPICOS

Vran de 1976, en Montreal (Canadá)

Distribución de medallas

Estados	Ouro	Prata	Bronce	Total
URSS.....	47	43	35	125
RDA.....	40	25	25	90
USA.....	34	35	25	94

XIII XOGOS OLIMPICOS DE INVERNO

Febreiro de 1980, en Lake Placid (USA)


Distribución de medallas

Estados	Ouro	Prata	Bronce	Total
URSS.....	10	6	6	22
RDA.....	9	7	7	23
USA.....	6	4	2	12

XXII XOGOS OLIMPICOS

Vrau de 1980, en Moscú (URSS)

¡Intolerábel!

se lle vai viaxar
faga turismo
na "casa" 

A SUA CASA E SUA. E VOSTEDE VIVE COMO QUER E VAI ONDE QUER, AS CARAVANAS E COMPLEMENTOS CATUSA TEÑEN TODO O QUE FAI FALLA. ASTRA O PRECIO E BON.



CARAVANAS CATUSA

E COMO UN "LAR" PARA LEVAR NAS VACACIONS E FINS DE SEMANA.

Servicio Post-Venta garantizado

 **COMERCIAL LAMAS**

Perpetuo Socorro, 1
Telf. 217080
Lugo

Navia Castrillón, 12
Telf. 560704
Vivero

General Franco, 24
Telf. 450674
Puentes G. Rodríguez

DEZ MIL SUSCRIPTORES PARA UNHA PRENSA GALEGA

Cada mes desde o primeiro de xuño ao primeiro de novembro.

SORTEO de unha colección encuadernada de A NOSA TERRA entre:

- Os nosos suscriptores que fagan un novo suscriptor (FAGA SUSCRIPTOR A UN AMIGO)
- Entre todos os novos suscriptores.

Para o que xa é suscriptor Deseo suscribirme a "A NOSA TERRA" por 1 ano 2.000 ptas.
6 meses 1.000 ptas.

Nome.....

..... Adxunto Talón bancario a nome de "A NOSA TERRA"

..... Xiro postal núm.

Nome.....

Enderezo.....

Localidade..... Telf.....

Firma:

En..... a de de 1.98.....

N.D.P.
Para participar no concurso envíenos este boletín.
No primeiro periódico de cada mes publicaranse os nomes dos suscriptores afortunados.

ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

Cando nos referimos ao "status" médico, queremos significar, nos fins do discurso, a situación convencional institucionalizada de medicina libre privada e medicina asalariada estatalizada. As dúas ideoloxías son distintas e contextualmente contradicorias, recordemos hixiene panacea (terapéutica). Inda que é pösíbel esta coexistencia na medicina libre (check-up), resposten a concepcións distintas. A orixe do status médico téñ raíces sociolóxicas moi fondas. Pola súa banda a relación procesual médico-traballo, constitúe un tipo esencial de proceso ou de traballo determinado (Coléxios médicos) que constitúe unha clase heteroxénea que se configura e imbrica nunha estrutura secuencial, fundamentalmentecultural, económica e xerárquica.

Inda entendo a medicina libre no contexto actual, como unha medicina, é evidente que é unha realidade estabelecida cun prexeccións sociolóxicas, económicas, culturais e sociais. Agora ben, a pesares do seu ascendente histórico e tamen evidente que este *modus operandi* se amosa como unha relación desfasada e desaxustada. Isto é particularmente certo se pensamos que o valor de cambeo que xera este modo de produción de actividade médica (preço dos diversos actos) non se corresponden co valor de uso, nen coa utilidade da dita actividade, nen tampouco co tempo médio do traballo da persoa que a executa. Tal situación só é coherente co sistema capitalista. Esta contradición e falla de correspondente poderíase explicar ao traveso da seguinte hipótese: A distribución desigual de coñecemento, segundo o médio social de orixe, etc, comporta consecuentemente a aplicación diferencial dese coñecemento científico e tecnolóxico e xera á súa vez o valor de cambeo distinto non correspondente. Así funcióna máis ou menos este sistema, intrínseca e extrínsecamente nas súas formas institucionalizadas intra e extraospitalarias e materializada nas diversas formas de dominación, cultural, económica e xerárquica.

Agora ben, unha grande parte do colectivo médico, non dispoñen doutras alternativas, o que dalgún xeito explica a existencia de formas de alienación na clase médica. non dispoñen doutras alternativas, o que dalgún xeito explica a existencia de formas de alienación na clase médica.

Todo isto vén a conto porque, como, queira que seña calquera tipo de reforma sanitaria, no sistema actual, só será aparente e vira condicionada e adecuada segundo o status médico que analizamos. Máis ou menos cedo, o médico asalariado, privatiza ou diversifica unha parte da súa actividade, cecais esixencia alienantes do seu entorno social. Por outra banda, este estatus maiormente a nivel xerárquico, téñ capacidade pra frustrar e tamén potenciar reformas segundo conveña.



Ilustración: XULIO MASIDE

A pesares da diversidade de situacións en que pode estar instalado o colectivo médico, maiormente nos aspectos económico, cultural e xerárquico, clase dirixente, este colectivo está integrado na clase dominante, e dificilmente se pode sustraer ás críticas de clase privilexiada.

No terreo político, pode decirse, en xeral, que a clase médica téñ un nivel de conciencia política bastante baixo, feito que queda refrendado por unha fran participación na etapa franquista. Pode ser invocada a meirande e crecente solicitude polo acervo científico e tecnolóxico, pero tamén é certo o escurantismo político é unha das armas da clase dirixente para manter o poder do capitalismo; en realidade, non é pösíbel manterse fora deste contexto nen mesmo da loita de clase.


A problemática e desaxuste no colectivo médico como

recurso sanitario, materializase na falla de alternativas e na existencia de paro, a pesares da medra da demanda real de médicos. A Seguridade Social no Estado é un esquema de protección baseado máis que nada en ideas e estratexias económicas-actuariais, e que téñ pouco en conta as necesidades reais da comunidade, pois compre decir que para unha cobertura medianamente axeitada, está tería que triplicar o seu número de médicos asalariados. Mesmo a relación entre custo da sanidade estatal e costa da seguridade social está máis ou menos en 1 a 50, o que quer decir que hai unhas grandes posibilidades e necesidades para dotar de material humano o primeiro sector porque inda que hoxe os dous sectores están integrados nun mesmo Ministerio, a diferenza de planificación e utilización persiste.

PERSONAL SANITARIO COLEXIADO O REMATE DO 1977

	Médicos	Veterinarios	Dentistas	ATS	Farmac.
A Cruña	1824	164	116	2190	560
Lugo	420	136	34	479	166
Ourense	396	96	33	380	157
Pontevedra	1045	123	76	1045	362

Fonte: Anuario Estadístico 1979.



Corrixenda: No n. 107, onde se lê... país desenrolado (2. Columna, liña 2), debe lerse... país subdesenrolado. Na columna 2, liña 7 omítese a verba creando; debe lerse creando novas fontes... pouco máis abaixo debe lerse concepto real da saúde. Onde se lê obsesión pola estrutura debe lerse pola tecnoloxía. O parrafo seguinte está incompleto e debe lerse... a doutrina da tecnoloxía, made in USA, constitúe o baseamento ideolóxico típico do neocolonialismo....

da terra asoballada

POR UNHA MILLORA DA SANIDADE EN OURENSE

Os abaixo firmantes, traballadores sanitarios da Residencia, Ambulatorio, Sanatorio 18 de Julio, e Hospital Provincial de Ourense, conscientes do progresivo deterioro que se está a producir na asistencia en Galicia e moi especialmente na nosa provincia, queremos xunguir a campaña que están celebrando neste intre "contra o deterioro da medicina pública. Por unha millora da sanidade en Ourense". E para isto apoiámos a alternativa que pasa polos seguintes puntos:

- Dotación adecuada de medios materiais e humanos das institucións da nosa provincia.
- Inmediata posta en funcionamento do novo Hospital Provincial, dependente actualmente da diputación que coidamos debe pasar a formar parte do complexo sanitario da Seguridade Social.
- Reforma do Hospital Provincial antigo que debería converterse nun centro de cuidados xeriatricos que tanto compre na nosa provincia.

- Posta en funcionamento do Sanatorio 18 de Julio, que hoxe se topa utilizado só nun 50 por cen das súas posibilidades.

- Posta en funcionamento a pleno rendemento da Unidade Hospitalaria do Barco, hoxe infrautilizada.

- Apertura inmediata do Ambulatorio de Xinzo que hoxe se atopa pechado.

- Racionalización do traballo nos ambulatorios, hoxe convertidos na práctica en centros burocráticos, escasamente efectivos no plano asistencial.

- Adecuación dunha rede de asistencia psiquiátrica integrada na realidade social, hoxe inesistente na provincia.

- Racionalización da laboura asistencial do médio rural dotando dos precisos medios materiais e humanos, artellando unha estrutura asistencial no campo que redunde dunha millora sanitaria e evite a ineficacia hoxe existente na meirande parte dos casos.

- Planificación da loita contra as enfermidades endémica (bócio, raquitismo, tífus, parafimo-

se, manixite endémica, etc.).

Hoxe, desde agora, a sanidade e a esperanza de vida van parellas cun estudo racionalizado que tente conquistar cambiar os actuais esquemas que centralizan os centros sanitarios na capital da provincia (creación de unidades hospitalarias mínimas nas comarcas naturais da provincia), posta en marcha dun plan de medicina preventiva (loita preventiva contra a contaminación da atmosfera, prevención de enfermidades herenciais, etc.).

Coidamos que só deste xeito podemos atallar o deterioro da nosa saúde, aumentando dun xeito evidente a calidade e esperanza de vida do noso pobo e só así conseguiremos que a saúde dos galegos sexa, cando menos equiparable a do resto dos cidadáns do estado español, xa que hoxe por hoxe estamos a contar cunha asistencia sanitaria de segundo orde.

Ourense, Maio de 1980

Seguen as firmas de:
85 ATS., 9 Aux. administrativos,
41 aux. de clínica., 24 celadores,
6 farmacéuticos e 75 médicos.

O PRESO DE CONCIENCIA ARXENTINO DANIEL ALBERTO EGEA, EN PERIGO GRAVE

Está tutelado polo grupo de adopción de A.I. en Santiago.

A vida do preso de conciencia arxentino Daniel Alberto Egea Rybeznytsky, pechado na cárcere de Caseros, en Buenos Aires, está en grave perigo por mor das doenzas que padece, froito da súa prolongada e inhumana estadia na cadea.

Segundo os informes de Amnistía Internacional — da que o grupo de adopción en Santiago téñ adoptado o caso de Daniel Alberto Egea, xestionando a súa posta en liberdade — o mentado preso de conciencia está a sufrir de hemorroides crónicas que lle son causa de grandes dores, e tamén de graves desordes intestinais. Ten tamén dificultades nos ouvidos, sen ter recibido en ningún momento a astra noición médica precisa.

As condicións da cárcere de Caseros, así como o réxime de vida e disciplina son especialmente duros, estando considerado por experto da A.I. que unha estadia de duración maior dos

tres meses nas esquinas celas da cárcere orixina no preso un nivel permanente de trastornos físicos e mentais.

Daniel Alberto Egea, tras do seu arresto en 1975, pouco despois do golpe militar, quedou absolto a mediados de 1977, a pesares do que segue por apelación do ministro fiscal a disposición do PEN — "Poder Ejecutivo Nacional" —, feito que significa o seu arresto indefinitivo.

A sección galega de A. I., e maiormente o seu grupo de adopción en Santiago, pregan a remesa de telegramas e cartas pedindo o traslado de Daniel Alberto Egea a un hospital, indo este prego maiormente dirixido aos especialistas da medicina. As cartas e telegramas débense mandar a General Albano Harguindeguy-Ministro del Interior, Casa del Gobierno, Balcarce, 50 Buenos Aires, Argentina, e ao Director do departamento 1, cárcel de Caseros, calle Pichincha 2001, Buenos Aires C. F., así como ao presidente da República Argentina.

"AMNISTIA INTERNACIONAL" EN SANTIAGO

da arte e dos xeitos

Por FELIPE SENEN

OS FORNOS


O mesmo que o muiño o forno foi sempre lugar de conversa, de decires e amorios, sobre todo nun tempo no que o home non estaba levado por este xeito asoballante do consumo, no que hai de todo para se devirtir pero falla a lería e o home sigue máis soio.

O mesmo, tamén, que moitas outras construcións rurais, o forno de cocer o pan podía ser comunal ou privado, dun xeito ou do outro alí sempre había rebulir de xentes, quentura e cantar de grilos.

O forno, propiamente dito, é unha bóveda semiesférica cuxa cavidade chamase a capela. Alí pónse o pan, pasando primeiro pola boca, por enriba dela sae

un alerizo para non deixar pasar as faiscas e é o que se ven chamando o chapilé. Pola contra a lareira é a gran lousa que lle dá paso á boca do forno cun buraco que comunica coa borralleira e polo que cae a cinza ao limpiar o forno. A lareira val para pousar o pañ denantes de adetralo polo buraco á capela, a mesma función tamén a facía o tendel, mesa de pedra para gobernar a masa nantes de enforar.

O forno está feito, na súa estrutura de grandes laxes de granito ou de pizarra, aínda que os máis modernos tamén se fixeron con ladrillo, pero tanto uns coma outros cobriáanse de barro para manter a quentura, ou mesmamente con bosta de vaca que faía de aillante térmico e lle



daba consisténcia a esta cúpula do forno que recibe o nome de capoeira. O lar ven ser o chan do forno, xeralmente de pedra ou

de lousa, ben pulida para por o pan, as pedras que van facendo a cúpula chámanse alzas.

O forno privado atópase nos

patios da casa, sempre tan característicos polo alerizo de chapilé. Pola contra, os comunais están aillados e a eles por riguroso turno van as familias cocer, encargándose de buscar a leña e de traer a masa. Non falta quen boté unha man sómotes polo gusto da conversa.

Este forno comunal sirve tamén para darlle acobilo e quentura aos esmolantes ou aos pelegrins. Eis coma esta construción popular foi nun tempo moi significativa en Galicia, aínda que hoxe xa poucos quedan.

Polas terras de Avión dá gusto velos, coa súa canteira granítica somellan moimentos megalíticos. Perda que se esborraie a nosa cultura.

andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

MANUEL-ANTONIO SOPENA

Na nosa literatura temos un volumen singular e fermosísimo: é o **Libro dos amigos**, de Otero Pedrio. Nas súas páxinas D. Ramón evocou homes e tempos idos, cunha prosa directa e cordial. Este volumen dá a medida da humanidade e da xenrosidade do Otero Pedraio. Trátase dun libro tremendamente suxectivo. E ese é, pra nós, o ser gran valor. Si ún escribira algún día un libro algo semellante ó de D. Ramón tería que adicarlle un longo capítulo ó meu amigo MANUEL-ANTONIO SOPENA SOMOZA.

MANUEL-ANTONIO SOPENA SOMOZA era lugues de nación. Seu pai traballaba en Telégrafos e a nai, D. Sofía Somoza, perante moitos anos explicara Matemáticas na Escola Normal do Maxisterio de Lugo. Tratei moito a un irmán da nai, Procurador dos Tribunales en Sarria, Manuel Somoza Castro, republicano e liberal, home dunha cortesía esmerada e dunha honradez a toda proba. Era un deses raros individuos que honran a unha profesión.

Cando este barbas que escribiu foi ó Instituto de Lugo a cursar quinto curso de bachillerato amistou con Manuel-Antonio Sopena, que iba nun curso máis adiante. Tiña sona de ser un rapaz extraordinariamente in-

telixente, aínda que non estudaba moito. Impresionaba a paixón que poñía en tódalas cousas e a extraordinaria brancura do seu rostro. Era un escachapedras, como dicen os labradores pra desinar a un rapaz moi triste. Cando tódolos rapaces do Instituto estábamos embrutecidos polo fútbol — era a única tarefa posible naquela época de censura pra todo —, Manuel-Antonio Sopena amaba as excursións ó campo e tiña un garimo especial pola natureza. Teño ido moitas veces con él pola Fervedoira e polo Monte de San Cibrao. Lembroxoxe a súa finura pra descubrir a paisaxe. Sabía traducir a palabras o rumor do río Rato, ó seu paso polos muiños de Pumariño, ou descubrir unha carpaza ou unha uz singular no Monte de San Cibrao.

Con aquela paixón extrema que Manuel-Antonio Sopena poñía en todo, un día namorouse. Foi o seu un amor sin medida. A rapaza da que se namorou — moi fermosa por certo — vivía na rúa Bolaño Rivadeneira, unhas casas máis abaixo de onde está o obradoiro da "Celta". E Sopena pasou horas e horas ó pé do vello edificio de Barras Eléctricas Galaico-Asturias, agardando que a rapaza se asomara a fiestra. Tanto tiña que fora vran ou inverno, que chovera, que fixera sol ou que nevara. Sopena seguía coa súa teima e ninguén



lle fixo desistir dela. Algúns dos seus amigos témolo acompañado nas súas horas de garda. Coido que nunca importunou a rapaza nin tan siquer lle dirixiu unha soia vez a palabra. Era o seu amor romántico, idealizado, imposible. Eso máis que amor é adoración, penso eu. Como non podía ser menos, Sopena comenzara a escribir versos de amor. Os seus amigos e conocidos a súa

conducta estrañábanos e comovíanos ó mesmo tempo. E entre nós comenzou a nacer unha lenda, cuio protagonista era o noso amigo e compañeiro. Cando comenzou a enfermar de tuberculosis, nós achacámoslle que era debido as molladuras que pillara, ollando pró balcón do seu imposible amor. E revolvíamos as páxinas do noso texto de Literatura pra lér nel as escasas referencias que traguía de **Macías o Namorado**, que lle aplicabamos ó noso compañeiro Manuel-Antonio Sopena. Pese a súa avanzada tuberculosis e as grandes hepnotisis que lle daban, unha vez que se recuperaba un pocu voltaba, teimudo, ó seu posto de garda defrente ós balcóns do seu amor ideal. A rapaza non lle tiña medo. Algunha vez sorríalle. Esto abundaba pra facelo feliz.

No ano 1949 nós os dous embarcámonos nunha aventura singular. Foi a publicación das follas de posesía XISTRAL. Naquela época, na que calqueira publicación estaba controladísima, nós, sin máis, fomos a imprenta **Palacios**, que fora onde se imprimara tamén **Ronsel**, e tiramos o número 1 de XISTRAL. O segundo imprentámolo na imprenta de Xerardo Castro, que era o famoso editor do repertorio **O Gaitero de Lugo**. A tirada eran 300 ou 350 exemplares. Chegada a hora da

verdade non lle poidemos facer frente ós pagos. Chamaron as nosas familias. O número 1 de XISTRAL pagouno un meu tío crego, co que eu vivín dende a morte de meu pai deica que me viñen pra Monforte de Lemos. E o número 2 pagárono os pais de Manuel-Antonio Sopena. Así rematou a nosa primeira aventura poética que, pra Manuel-Antonio Sopena, foi a derradeira. Nos dous números de XISTRAL hai catro poemas seus, en castelán, firmados co pseudónimo de PEREZ AMOR: dous poemas en cada número. Nunca o puiden convencer pra que escribira versos en galego. E eso que o intentei con insistencia. Os tempos, hai que reconecelo, non eran nada favorables pró cultivo do noso idioma. A súa gran paixón poética, como é natural, era Bécquer. As **Rimas**, pra él, eran máis que un libro de poemas: eran, sobor de todo, unha norma de conducta. Eu logrei comunicarlle o meu entusiasmo por Noriega Varela.

Manuel-Antonio Sopena Somoza morreu no ano 1950. A tuberculosis rematou por vencer a súa xuventude rebelde e apaixonada. A derradeira vez que o ollei estaba xa moi maliño e tardou poucos días en morrer. Lembrox moi ben que me preguntaba si eu ollara a rapaza que él estaba namorado. Abondáballe con eso.

arredor de nós

Por MARIÑA

O EUCALITO

O Eucalito é unha arbre orixinaria de Australia e Tasmánia, que se implantou no noso país ao traveso das repoboacións forestais masivas hai pouco máis dun século.

Eucalyptus globulus é unha especie que non pertence á vexetación "climax" de Galicia xa decíamos que foi recén introducido. É arbre dabondo alta e cun aspecto moi característico. Pouco frondoso en Galicia pode chegar astra os cincuenta metros de alto.

Desenrólase con moita rapi-

dez (especie de crecemento rápido), tendo a capacidade de absorber grandes cantidades de agua do chan, co que, se se chanta en lugares encharcados ou pantanosos pode resultar moi útil, ao disminuir ostensiblemente a humidade co conseguinte beneficio mesmo para a utilización do chan. Agora ben, o eucalito chantado indiscriminadamente, como ocorreu e está a ocorrer en Galicia, pode perxudicar enormemente os chans nos que se asenta, degradándoos. O feito de que aínda hoxe se podan atopar chans cunha boa composición situados baixo eucalitos, débese a que o tempo que éstos levan actuando



no terreo é pouco, co que os seus nocivos efectos aínda non aparecen en boa medida, xa que o efecto destas arbres é loxicamente, acumulativo.

Amáis destes efectos, salienten no eucalito as súas virtudes como planta medicinal, resultando utilísimo para certas afeccións das vías respiratorias: gripe, tos, bronquites agudas,.... etc.

O seu elemento máis importante é a esencia, composta principalmente por eucaliptol; outras sustancias, xa menos importantes, son o tanino, que se atopa na corteza, a resina, ácidos grasos....

Esta arbre posee dous tipos de follas: unhas ovaladas, que nacen dos vastagos novos, sen peciolo e opostas, e outras, as que medran na arbre adulta, que son máis duras, lanceoladas, pendurando, e situándose de maneira alterna na rama, unidas polo peciolo. Tanto unhas como as outras son olorosas, tendo moitos pontiños que se distinguen do resto da folla e que son depósitos de esencia da planta; pódese ver mirándoa a contraluz.

As froles abrollan onde a folla se une á pola. Teñen unha parte dura, en forma de furna cónica, que se abre para que saia a frol, de coor marelada.

Bonaval

ANO I - N.º 0 REVISTA INVERNO 1979



160 Pts.

PRECISAN AXUDA ECONOMICA

O DIRECTOR DE "BONAVAL" CONDENADO XUDIALMENTE

Nestes días atrás, Xoán Manuel Carreira, colaborador habitual no noso semanario, e en calidade de director e responsable financeiro da revista "Bonaval", vén de ser ver condenado a pagarlle a Argraf, imprenta da Coruña, 110.000 pts pola impresión do N. 1 da revista que dirixe, amais doutras 50.000 en concepto de costas xudiciais.

A cuestión é que no momento de facer contas, a conta corrente apareceu sen efectivo, e no seu canto, talóns firmados polo administrador da revista polo total das 30.000 e pico de pts que continúa. Doutra banda, mans descoñecidas fixeran a liquidación dos exemplares vendidos nas librerías de Lugo e Santiago, dándose o caso dalgunha librería de gran mercado que, aínda sostendo que a liquidación estaba efectuada, non deu presentado recibo acreditativo ningún.

O caso é que por diversas irregularidades na Administración, da revista que nen o libro de contas tiña ao día, os responsábeis de "Bonaval" atópanse sen a máis mínima posibilidade de exercer medidas legais ningunhas. E aínda estando pendentes do recurso de apelación, vense nunha necesidade apremiante de axuda económica. E por isto que veñen de acordar por a venda os exemplares sobrantes do n. 1 ao preço especial de 100 pts, que se recibirán por correo contra talón nominal ao nome de Xoán Manuel Carreira Antelo, ap. 180. Santiago, e tamén mediante transferencia bancaria á axencia n. 7 do "Banco de Bilbao" na Coruña, libreta 22478/3, ou xiro postal ao mentado Ap. 180 de Santiago.

Aparte, "Bonaval" agradece calquera clase de axuda económica. Se lles val de algo unha pouca de moral, desde aquí lles mandamos un carro dela.

O VELLO TARTARO UNHA CRENCIA NA HISTORIA DE GALICIA

O demó ou o tartarq. Unha figura que astra fins do século acompañaba o crente galego. Dícen que a súa intención era facelo pecar. Era o rei indiscutíbel do sexto mandamento, facía pactos cos humanos cando se deixaban. Seducia á casada antes que a solteira, a monxa antes da que non o era porque así os pecados eran meirandes.... No fondo era unha figura inocente e que atemorizou a moitos crentes da igrexa católica. ¿Paseouse na realidade o tartarq pola nosa Nación?...

O pobo galego coñeceu o demó co nome de tartarq. Para a igrexa do oportunismo era Satanás. Dous nomes distintos, co mesmo significado. Para o pobo a figura do tartarq estaba dividida: para uns era un símbolo de picaresca e inocencia, para outros de medo.

Para a igrexa, fiel ás ditaduras máis inhumanas, que se lembran sobre toda historia da terra, o tartarq non representa máis que a parte contraria a Deus, por iso queren ou pretenden ensinarnos que "o diabo e a dor de Deus". O concepto que merece tanto unha como outra versión é que esta figura e todo un mito na historia de Galicia, igual que o foron os vampiros e os pantasma. O pobo cristiano galego, cria e segue crendo que o tartarq e unha figura maligna, que nun momento dado se rebelou contra o seu creador. En cambio a figura de Deus e tan Divina e respetuosa que merece ser adorada.

Galicia non ousou chegar a definir tese humana ningunha ao respecto, e a igrexa co meirande dos oportunismos, apoiando réximes que non debía, metulle máis a ignorancia no corpo os feligreses. Houbo quen chegou a pensar que a figura tartariana existía; eran as persoas que non sabían definir a oposición entre os principios do ben e do mal, co a súa correspondente dinámica dos símbolos. Frente a o ben, ten que existir o mal.

Hoxe en día aínda se conservan historias populares, transmitidas de xeración en xeración, e gardadas na memoria dos nosos abós. Se as escoitamos e analizamos, deduciremos que o maléfico tartarq, non é nen se parece en nada ao ser tan ingrato e maléfico que nos describe a igrexa. O astuto persoeiro, preséntanos moitas veces ao longo da nosa historia como un picaresco cómico que pondo da súa parte a maior imaxinación posíbel, chegará a alcanzar diferentes aspectos. Unhas veces e un galante e fermoso xoven, outras unha preciosa doncella. Para a igrexa era un animal con cornos, un perverso animal, convertido unhas

veces en lobo, e outras en macho cabrío. Foi así desta forma como a institución eclesiástica degradou aquela imaxe que cobrara o sentimento popular galego.

Pola nosa cultura vagan tamén as características distintivas do tartarq: el anda aínda solto, comentan os vellos. Marchouse cando chegou a luz eléctrica, dicen outros, pero volverá porque anda solto. Tende coitado e non vos tropecedes con el. Fixadevos ben para os ollos. Si cada tres veces parpadea de arriba para abaixo, en vez de abaixo para arriba, non hai dúbida e el.

Se á vosa casa chega algun descoñecido, e non sona as rarices, nen ten catarros, con urxencia, rápido, botadelle polvos pica-pica. Se segue inmune non vos confíedes, e outra vez el. Olló tamén nunca dorme, aínda que as veces o finxe para que nos confiemos e caíamos na súa trampa. Se lle descubrimos a treta marcha abaixado e non volve astra a próxima. E digo próxima porque a vai haber. E un persoeiro tozudo, e canta máis resistencia lle fagamos máis importante considerará o trunfo.

Na lembranza popular da Galicia de hoxe e moi famosa aquela anécdota de cando a xente iba á leña ao monte, e volvía cun cañoto de leña pesado para encender a lareira. Ao chegar á casa con tan pesada carga ao pousala o toro desfaciase en auga. Desta forma o tartarq burlaba a persoa que o seu lombo acusara tan furte peso.

Lémbrome tamén da picaresca dun construtor de pontes, que atopándose monetariamente mal, prometeulle ao tartarq, se lle axudaba a terminar a obra, a ánima de quen primeiro atravesara o ponte que estaba facendo. Cumpriu este a súa promesa, e unha vez acabado o traballo o construtor correspondeu a súa palabra facendo pasar un gato. Isto demostra que non so o tartarq enganaba o pobo, senón que o pobo tamén enganaba o tartarq.

Todo isto que falo aquí recóllese aínda hoxe, polas vellos aldeas de Galicia. Son historias gardadas no armacén da memoria dos vellos habitantes dunha xeración de crentes. Como dixo Castelao "Os derradeiros superviventes dunha xeración que non volverá".

E moi divertido desde o punto de vista humano escoitar estas historias que nos contan os nosos vellos, pero tamén da mao que a última reserva supervivente dunha cultura asoballada, tenda a desaparecer para converterse en polvo nas entranas da terra entre laxe e historia. Non me resulta difícil entender os nosos vellos, pero en cambio si que non comprende aquel horror vivido nunha sociedade medieval, en torno a figura do tartarq. Foron por entóns bastantes as mentes acusadas de pactos satánicos, pero foron moitas máis as torturadas e asesinadas polo lume da Inquisición.

Hoxe moitísimos centos de anos

mais adiante, a mente humana vai quedando máis complexa, e a figura dun tartarq na nosa historia queda desfasada polo razonamento da filosofía. Coñecemos demasiado as enfermidades Psíquicas, tanto como para valorar de sobra todo aquel fenómeno; aínda que iso si, puntualizo, foi necesario un Freud para clarificar parte desta historia. E tiña que ser así a forza, como dixo nunha das súas cartas entreabertas o compañeiro Dario Xohán Cabana: o mundo está cambiando.....

JOSE LEANDRO CASTELLANO BOUZON

PRENSA



RECOMPOSICION DO CENTRO EN GALIZA
ESTATUTO: ¿E POSÍBEL NEGOCIAR?
A REAL DIGNIDADE DO DIA DAS LETRAS GALEGAS

SALUTAT

"MAN COMUN"

Estes días de atrás vén de aparecer no mercado galego a nova revista "Man Común", redactada no idioma nacional no que ao espácio propiamente periodístico lle toca. Dirixida por Xosé António Gaciño, conta na súa plantilla cun bo fato de profesionais galegos do periodismo, e o seu número cero inclúe páxinas de información, reportaxe político, cultural, humor, axenda de actos e outras seccións. Pois nada, benvidos e a servir ao país.

X.M.GONZALEZ

AXENDA

AXENDA MOSTRAS

Moldes. Oleos e dibuxos. Astra o 14 de xuño. O Paradiso Perdido. Santiago.
Acisclo. Escultura. Astra o 4. Galería Sargadelos. Santiago.

RECITAIS

II Mostra de Música Galega, con Jai Nogueiro, Suso Vaamonde, Pilocho, Xocaloma, Antón e o grupo da Escola de Música e Danza Galega "Toxos e Xestas". Organizada polo grupo "Castelao" e a emisión "A Nosa Galiza" de Rádio Miramar, e presentada por Manuel Fernando González. Polideportivo municipal "Santa Eulalia", 31 de maio, 7 do serán. L'Hospitalet.

ACTOS

O futuro da literatura galega, coa participación de Ezequiel Méndez, Xesús Alonso Montero. Organiza a revista "Camp de l'Arpa", co gallo da aparición do número adicado á literatura galega contemporánea. Día 30, ás 7,30 na Galería Sargadelos. Santiago.
Pro e contra da liturgia en galego. Historia dunha polémica, presentación do libro deste título. Intervirán

os autores, Xosé María Rodríguez Pampín e Manuel Caamaño Suárez. Día 3, ás 7,30 do serán. Galería Sargadelos. Santiago.

O ensino e o idioma galego, Conferencia de Xosé M. Dobarro. Día 30 de maio, ás 7,30 do serán. Organiza o Frente Cultural da AN-PG. Instituto Femenino. Ferrol.
A muller e a verba, entre o mito e a sociedade, conferencia por María Xosé Queizán. Dentro do ciclo que organiza o Ateneo. Día 30 de maio ás 8 do serán. A coruña.
"A literatura brasileira moderna", conferencia por Ana María Charlemont Ochoa. Dentro do ciclo da AS-AS-PG "Area literaria galego-luso-brasileira". Día 31, ás 12 da mañá, na Escola de Maxistério. Santiago

CINE

A nova terra, de Jan Troel. Cine Avenida, día 30, 10,30 da noite. Cine Cine-clúd.
Diário dun ladrón de Shinjuku, de N. Oshima (Xapón). Día 30, ás 10,30 da noite. Cine-clúd "Padre Feijóo". Na casa da Cultura. Ourense.
"La symphonie phantastique", de Ch. Jaque. Día 3, ás 8 do serán. Cine-clúd "Padre Feijóo". Na casa da Cultura. Ourense.

VII MOSTRA CINEMATOGRAFICA DE ARTE E ENSAIO

Organizado polo Cine Clud "Padre Feijóo" nos locais do pequeno cine do 2 ao 8 do próximo mes de xuño.
Os bonos para asistir as sesións da Mostra poderán ser adquiridos a partir de hoxe lús nas taquillas do Pequeno Cine desde as 4 da tarde astra o próximo sábado día 31.

PROGRAMA

"A arbre dos zocos" (1977) de Ermanno Olmi (Italia), palma de Ouro. Un film fora de serie. Sera proxeccionado o día 2 (luns) as 11 da mañá,

PROGRAMA

"A arbre dos zocos" (1977) de Ermanno Olmi (Italia), palma de Ouro. Un film fora de serie. Sera proxeccionado o día 2 (luns) as 11 da mañá, 4 e 7,30 da tarde, 11 da noite e o día 3 (martes) ás 11 da mañá, e 4 da tarde. Con entradas para as dúas primeiras sesións e bonos para as restantes. A cores.
"O home de marbre" (1977) de Andrzej Wajda (Polonia), premio da Crítica internacional en Cannes 78. Un film sorprendente. Sera proxeccionado o día 3 (martes) as 7,30 da tarde e 11

da noite e o día 4 (mércores) as 11 da mañá e 4 da tarde. A cores.
"Amore e rabbia" (1969) de C. Lizzani, Bertoluccio (Italia). A cores. Un film a base de cinco espléndidos sketches. Sera proxeccionado o día 4 (xoves) as 7,30 da tarde e 11 da noite e o día 5 (venres) as 11 da mañá e 4 da tarde. Previamente ás 4 sesións será proxeccionado o cortometraje "O carro e o home" un film galego con voz de Xaquín Lourenzo, "Xocas".
"San Michele aveva un gallo" (1971) de Pablo e Vittorio Taviani (Italia). Estre no Estado Español, substituída en portugués. Posibelmente a mellor película da Mostra. A cores. Sera proxeccionada o día 5 (xoves) as 4, 6,15 (con entradas soltas) e 8,30 da tarde e 11 da noite e o día 6 (venres) ás 11 da mañá e 1 da tarde.

"Unha canta a outra non" (1978) de Agnes Varda (Francia). Un dos mellores films feministas. A cores. Sera proxeccionado o día 6 (venres) ás 6,15 con entradas soltas) e 8,30 da tarde e 11 da noite, e o día 7 (sábado) ás 11 da mañá e 4 da tarde.
"As pequenas fugas" (1979) de Yves Yersin (Suiza). Unha película de humor maxistral. Premio primeiro no Festival de A Coruña-79. Sera proxeccionada o día 7 (sábado) ás 7,30 da

tarde e o día 8 (domingo) ás 11 da mañá e 4 da tarde.

O cartel da Mostra foi realizado por Planos, e entregárase programa a todos os asistentes. OURENSE

DISCOS DA SEMANA

CANTIGAS DE SANTA MARIA CODEX CALIXTINUS. CANTIGAS DE AMIGO.

Grupo Universitario de Cámara de Compostela
Director.- Carlos Villanueva
Ruada.- R- 106-D
Grabación.- 8
Interpretación.- 9, 10, 8.

Xa é importante abondo dispor en Galicia dun grupo capaz de grabar o noso repertorio medieval e por enriba que o director sexa capaz de lograr un Calixtino verdadeiramente maxistral. A transcripción instrumental do "Annua gaudina" e a concepción tímbrica do "Congaudeat Catholici" fan desta versión unha referencia obrigada. Moi ben as peza do rei Alfonso nunha antoloxía dos diversos xeitos de facer e ben a secas as de Martin Codax. Recomendación rotunda (tamén para embetidos de celtismo e outras coñas como cura de desintoxicación).

curso de lingua

Vinteseis

A noesia de exilio na postguerra

X.M. DOBARRO
M.P. GARCIA NEGRO

"Semente"

Albas fazulas, azos esmorecidos
nos beizos solagada a surrisa, abreinte
de esperanza. Abalan as mans de lume
enterran semente.

Sangue da Terra; sangue viva reviva
sangue do sangue, perola ourilcente
de esperanza. Abalan as mans de lume:
enterran semente.

Mariñeiros do Sol; ceibe proel da nao
pola mar verdosiña dun sono quente
de esperanza. Abalan as mans de lume:
enterran semente.

EMILIO PITA, de Jacobusland

a sangue da virxen,
e a do heroi matador da serpe.
(Poden testemuñalo os cronicos).

Mais
óllase luz nesta noite,
na escuridade do sangue callado
e vida, si, na ca carrexa luar de tantos mortos.
Poderan testemuñalo, pasado este tempo,
outros arqueólogos e novos cronicos.

LUIS SEOANE, de As cicatrices

"A Ruy Xordo"

Aramos sobre os mortos nesta terra
i o noso pan ten un sabor de bosos
familiares, irmáns. O monte berra
baixo do arado, e chamannos os nosos
desde a morte con voces conocidas:
"Nin marqueses, nin cregos, nin doutores-
fixeron as ribeiras verdecidas,
nin o guerreiro coiro dos tambores.

Os condados do polvo son dos mortos
e quen queira ser dono desta terra
que veña navegando aos nosos portos,

"Testemuños"

Como fai dous mil catrocentos anos
ou menos,
cecais dous mil anos,
(pode testemuñalo o arqueologo),
a noite a lua e o sangue
dominan a pedra dos sacrificios
e depositan, Galiza, sobor dos teus dolmens
a semente da virxen.

LORENZO VARELA, de Catro poemas pra ca-
tro grabados.

A guerra do 36-39 vai supor, na nosa nación, unha ruptura do movemento político e cultural iniciada coas Irmandades da Fala e no que xogaron un importante papel a "Xeración Nós" o "Seminario de Estudos Gallegos" e o Partido Galeguista, como xa temos visto en anteriores leccións. O triunfo das forzas fascistas e imperialistas impuxo de entrada, un silencio total para todo aquilo que pudeses atentar contra "la sagrada unidade de la patria". Por outro lado, os protagonistas daquel movemento de pre-guerra ou morreron, ou estaban na cadea ou fóra do noso país á forza. Por todo isto, o ermo en Galiza foi total nos anos inmediatos ao remate da guerra.

A voz da pátria estaba nestes momentos fóra, no exilio e na emigración, e tiña o seu núcleo fundamental na Arxentina: Castelao (até a súa morte, guieiro constante), Dieste, Blanco Amor, Suárez Picallo e outros moitos, como os tres autores que hoxe escollémos representando dunha liña literaria fundamentalmente comprometida e que os une no mesmo sentimento de protesta e de laio pola pátria esmagada.

Emilio Pita (1909) que despois consagrara a súa poesía a outros temas, retoma con **Jacobusland** (1942), ilustrado con Formosos debuxos de Castelao, o fio da poesía de contido social dos libros do primeiro Cabanillas, por exemplo (v. lec. Doce). Este labor vanna continuar Lorenzo Varela e Luis Seoane, sobre todo, Lorenzo Varela, (1917-1978), cos seus libros **Catro poemas pra catro grabados** (1944), poemas que acompañan a obra pitórica de Seoane **Maria Pita e tres retratos medievais**, e **Lonxe** (1954), centrado fundamentalmente na denuncia da situación do país na post-guerra, se ben o volume maior da súa obra ten como vehículo o español.

Luis Seoane (1910-1979) é o máis significado destes autores, non só pola súa produción literaria de compromiso, senon pola súa valiosísima obra artística así como polo impulso que deu a unha chea de iniciati-

vas culturais galegas fóra e dentro da nación. A súa obra poética abranxe os seguintes libros: **Fardel do estirado** (1952), **Na brétema Sant-Iago** (1956), **As cicatrices** (1959) e **A maior abondamento** (1972). O tema central de todos eles é a emigración, americana e europea, e a función que para el ten a poesía, como arma e como denuncia, queda claramente definida nas súas propias palabras: "Un poema foi sempre un testemuño do home e da súa época"; "un poema non pode ser soio un prisma de coores, un xeito de axuntar verbas fermosas e producir sonidos; é un berro dun home, o esgazamento que producen no seu espírito os feitos do pasado trocados en eternidade, en mito".

No capítulo lingüístico, reparémos en **surrisa** que, como **sangue**, é masculino: **o sorriso, o sangue**. Fai non debe indicar marca de tempo como en español; no noso idioma, debemos usar **hai**. **Luar** é unhas das voces máis orixinais do noso idioma e máis do portugués, xa que ten un sentido activo: indica a luz que dá a lua, reflexo da do sol (Lorca ficara "engaliolado" con ela), cun sentido, pois, que non ten o español nen outros idiomas "non saías da casa ao luar, que non sabes con quen te podes atopar", di un dos moitos refráns que hai sobre o luar; engadimos só que é nome, non adxectivo; no contexto do poema de Seoane, o correcto sería "lunar". O plural de dolmen é **dolmenes**, como de canon, cánones, etc. No poema de L. Varela, aparece **hosos**, cun **h** sobranste, influxo do español **osos** (con acento diacrítico para diferencial dos **osos**, animais) é a escrita correcta. **Polvo**, por **pó** (a forma auténtica da nosa lingua) é hoxe a forma máis común no galego oral, por contaminación do español; **polvo** no noso idioma designa, porén, unha cousa ben distinta, o "pulpo", o animal, da forma lexítima **po**, deriváanse **poera** e **poerento**. E, finalmente, anotemos o **fruto** do poema de Lorenzo Varela, que substituíramos por **froit** (como **loita, feito**, etc.).

RECTIFICACION QUE O E TAMEN NOSA

Querida Amiga:

Despois da miña chamada telefónica do pasado luns, 19 do presente, na que lle comunicaba ao encargado da sección de cultura dos erros e cortes producidos no meu artigo, solicitado por vos e publicado no suplemento especial das "Letras Galegas" (número 106 do voso semanario), e á vista de que no seguinte número (107) non foi rectificado de maneira algunha; paso a facer as puntualizacións pertinentes:

- 1) O título do meu traballo é: NOTAS SOBRE UNHA POLIFONIA DE ESTILOS E ALEATORIEDADE, e non POLITICA DE ESTILOS E ALEATORIEDADE.
- 2) O traballo despois de enunciarse o título, comenzaba con unha cita de Bruno Maderna, que non apareceu e que é a seguinte: "FRA ORCHESTRA E SOLO DEVONO STABILIRSE MOLTEPLICI RAPPORTI ESPRES-

SIVI: CONTRASTI, PROTESTE, ACQUIESCENZE, ACCORDI, INTEGRAZIONI, AFFECTUOSITA, UN QUESTO CLIMA L'AUTORE PREVEDE E SPERA CHE SOLISTA E DIRECTTORE TROVINO UN FELICE MODO DI TERMINARE IL PEZZO". (BRUNO MADERNA).

- 3) Despois do primeiro párrafo, do meu traballo, ven un que non saíu na publicación e que é o seguinte: ESTES CONCEPTOS AQUI EXPOSTOS NON SON MAIS QUE ALGUNS DOS QUE PODERIAMOS APLICAR, PERO QUE NO MOMENTO ACTUAL DA NOSA ESTETICA SEMELLAN SER, NA NOSA OPTICA, OS MAIS IDONEOS E INTERESANTES.

Co prego de publicación desta carta, para rectificar os erros, despídome cordialmente.

ENRIQUE X. MACIAS ALONSO

FALAR DA EMIGRACION

Bencaros compañeiros de A NOSA TERRA na Galicia, fogar de todo galego ben nacido:

Hoxe mesmo chegounos no buzón da casa, o N. 106 de A NOSA TERRA, e cal non ten sido miña sorpresa cando ao ollar e ler a sección que leva por título: "Actos no Día das Letras", non lembrades para nada os actos que os centros, peñas etc. galegos espallados na Suiza lle adicaron cada un deles ao seu xeito ao devandito "Día". Nembargantes, isto non vos priva de mentar o día "Irmandade Galegas Na Suiza" de Xenebra. Coido que esta maneira de actuar é un pouco imparcial, se pensamos que sodes un xornal semanario, e non un voceiro (¿ou non é así?) E a tarefa dun xornal é informar cunha certa imparcialidade.

Tamén sería de arelar que no futuro tiverades mais en conta a emigración en xeral, que os espácos que lle adicades son cáseque de aqueles que quero e non poído.

E para rematar de xeito apaixonado quérovos perguntar onde ten

ido a parar a carta que vos remehei hai días, sobor dunha protesta que facia pola crítica do voso colaborador musical Carreira sobre o cantautor catalán Lluís Llach. Que máis que unha crítica pareceume un panfleto e mala calidade. ¿Seica non o deixou entrar gratis ao voso crítico o tal Lluís Llach no seu recital?

Agardando que estas verbas denantes de sere botadas na papeleira seían cando menos lidas, aproveito o entre para remesarvos un fondo e agarimoso saúdo de galeguista, por riba de calquera ideoloxía.

PERE BARRUGET-COUÑAGO
AARAU (SUIZA)

Nota da R.— Querémoslle clarear ao noso correspondente que no tempo de elaborarmos o noso calendario de actos para o Día das Letras, non obraba no noso poder relación ningunha dos que na emigración se celebraban, agás os de Gèneve, dos que, por ir participar a nosa directora, obviamente tivemos coñecimento con tempo. Xa pechada a edición do número, chegou ao noso poder via

postal a programación dun dos grupos de emigrantes na Suiza, precisamente a do "Grupo Galego de Aarau", lamentábelmente, xa non había lugar a incluíla nas nosas "Axendas" do número. E mágoa, realmente o non termos un contacto máis directo coa emigración que o que realmente temos.

Polo que lle toca á carta mentada sobre a crítica a Lluís Llach, e que nefeufo recibimos no seu día, temos que clarear que, despois de varias comunicacións sobre o tema, e dunha resposta posterior a todas elas do noso colaborador Xoán M. Carreira, vímonos na obriga de lle poñer fin á polémica. Era esgotado xa o tema de discusión, cometido que nos compria, e que, por outra parte, non nos arrogamos a nós mesmos, senón que forma parte da práctica habitual de calquera periódico do mundo.

Agardamos que as nosa razóns cadecen a comprensión do noso comunicante, ao que, aproveitámos para remesar o saúdo nacionalista de

A NOSA TERRA



GALEUZCA

AS SUAS BASES

No primeiro número de Galeuzca, aparecido no agosto de 1945 en Buenos Aires, xustifica a súa aparición dando o "resultaod do proceso de coacción uniformista na historia peninsular que non dudamos en calificar de catástrofico, nosos pobos e desde logo quen nos axuntamos ao redor da revista GALEUZCA non queremos voltar ao pasado senón que aspiramos a reanudar con aqueles outros tempos de unión de todos os pobos peninsulares, lazos de unha organización estadual consentido por eles, pero agoda adaptada as necesidades e ao progreso da era presente, de profunda renovación política e social".

Efectivamente Galeuzca, feita por nacionalistas galegos, bascos e cataláns, fai unha síntese moi breve do proceso histórico da Península Ibérica, onde se veí que a través da Historia só houbo un proceso asimilista e nunca de respecto a cada pobo. Hai neste primeiro editorial aspectos que aínda hoxe despois de corenta anos conservan unha fresca actualidade por canto son principios dos que un nacionalista non se pode apear, sen deixar de selo.

E o caso da concepción da Península Ibérica formado por "catro pobos fundamentais: o basco, o galaico-portugués, o castellano, e o catalán. Pobos diversos na súa personalidade e idiosincrasia, así como na súa lingua, cultura, institucións e nomes propios de cada un".

Hoxe como entón podemos afirmar que o feito de ter lazos económicos e intereses comúns entre os catro pobos "feito que ao plasmarse na organización política do Estado foi subvertido e deformado, tanto polo poder absoluto como polo constitucional, en canto que se descoñecía a existencia e os dereitos das nacionalidades mencionadas ou no mellor caso consideraba a estas como meras "regiones" sen reconocerlles nen a propia determinación xurídica, nen a súa soberanía popular".

Hoxe a concepción da existencia das catro nacións do Estado non só é "subvertida e deformada" na práctica polo mesmo poder central e parte dos partidos de dereitas e de esquerdas estatais, facendo nacionalidades igual a rexións e creando rexións "a punta de pala" senón que mesmo partidos de ámbito nacional, chamados nacionalistas, reconecen e pactan con outros partidos de ámbito rexional e astra establecen organismos onde se xuntan.

Quer isto dicir que estes mal chamados nacionalistas están a facer un flaco favor ao nacionalismo o confundir a xente coa súa actuación política, negando o feito histórico, das catro nacións dentro do Estado. Non se é máis democrata ou máis nacionalista, reconecendo e pactando con todas as rexións do Estado, senón que polo contrario é deformar unha realidade, como decía Galeuzca. Coincidindo nesta deformación co poder central de hoxe como antes o fixeron o poder absoluto ou o poder constitucional da República.

E para Galeuzca ambos os dous poderes o poder real absoluto como o constitucional republicán non serviron para solucionar a cuestión da estrutura política. Porque ambos os dous o fixeron sen o respecto a cada un dos catro pobos do Estado. O poder real non serviu porque aínda que "foi levantado sobre a liberdade e o consentimento de aqueles pobos, o tornarse en imperial comenzo a torcer o rumbo da natureza, da tradición e da equidade política, e o favorecer a un de aqueles pobos en prexuício dos demais impuxo a todos o absolutismo dos reis de España". Tocantes o poder republicano, os nacionalistas de Galeuzca tampouco o aceptan porque anque é constitucional e democrático non reconece os dereitos das catro nacións. Sobre o respecto decía Galeuzca: "maiz cando se fixo preciso coa evolución dos tempos a adopción polo Estado de un sistema constitucional e democrático, non se quixo estruturalo sobre da base natural e histórica dos catro pobos mencionados, non obstante os ditados da tradición política común, senón que practicando un incompelo liberalismo implantouse un sistema de sufraxio universal que se exercitaba en nome de unha soberanía indiscriminada descoñecedora da existencia e dos dereitos democráticos dos pobos catalán, castellano, galaico e basco, perdéndose entón de ese modo unha ocasión solemne e propicia para a máis conciliadora e estábel estrutura política común".

Debemos salientar deste párrafo do primeiro editorial de Galeuzca os dous eixos fundamentais para que un novo tipo de estrutura estatal sea democrática e sirva aos intereses das catro nacións. Unha o recoñecemento expreso das catro nacións que compoñen o Estado, con todo o que leva implícito da soberanía de cada unha das

Cando no noso país se debaten alternativas autonómicas, e cando os intelectuais por non tocarse coa lama da diátria loita política inventa realidades; non está de máis que voltemos os ollos a revista Galeuzca feita por intelectuais e políticos nacionalistas galegos, bascos, e cataláns nos penosos anos do exilio.

Ben é verdade que os anos coarenta non son os mesmos que os anos oitenta. Entón loitabase contra unha ditadura, agora disque temos un Estado democrático, en aqueles anos as palabras aínda se aplicaban correctamente, hoxe chámase galeguistas incluso os da UCD-PC-PSOE.

galeguistas incluso os da UCD-PC-PSOE. En fin xa nos anos trinta se pedía autogoberno e se loitaba contra a mesma constitución e os republicanos espanyolizadores, pero hoxe ao autogoberno chámasele autonomía e este é o fin último.

Para rematar esta pequena introdución compre lembrar que nesta revista escribiron grandes intelectuais, todos eles nacionalistas, todos eles galegos, bascos e cataláns e todos eles militaban na loita diátria. Os intelectuais, quedou demostrando na Historia, son ou de dereitas ou de esquerdas, nacionalistas ou espanyolistas. E a cultura é un médio de loita, pero nunca debe ser un escudo onde esconderse e non dicir que son.



CRONOLOXIA

GALAXIA NA EMIGRACION

- 1.944 - Edítase o libro SEMPRE EN GALIZA de Castelao (primeira edición)
- 1.944 - Fórmase o Consello de Galicia en Buenos Aires.
- 1.945 - Fúndase Galeuzca. México
- 1.946 - Castelao Ministro da República Española no exilio. Viaxa a París.
- 1.947 - Castelao regresa a Buenos Aires
- 1.947 - A.B.C. fai unhas emisións en galego.
- 1.948 - 1. Exposición de libros e autores galegos no Centro Galego de Buenos Aires.
- 1.950 - Morre Castelao

COLABORADORES GALEGOS EN GALEUZCA

ALONSO RIOS, Antón. Fundador en 1.921 da Federación de Sociedades Gallegas en Buenos Aires. Diputado na II República Española. Presidente do Consello de Galicia.
CASTELAO, Alfonso Rodríguez.
NUÑEZ BUA, Xosé. Mestre en Galicia astra a guerra. Conferenciante.
PEREZ CONSTANTÍ, Pablo. Arqueiroiro do Axuntamento de Santiago de Compostela.
PORTELA VALLADARES, Manuel. Xefe do Goberno español no 1.935. Fundador do periódico El Pueblo Gallego.

OUTROS COLABORADORES

AMEZAGA, Vicente/CASSOU, Jean/DOMINGUES DOS SANTOS, José/GARRIGA, Gabino/NICOLAU D'OLWER, Luís/SOTA, Manuel/TEJADA, Elías/TRUETA, Josep/XIRAU I PALAU, Joaquín.

nacións e outra o refugamento, non xa do poder real absoluto senón incluso de aquel poder constitucional que opta por un sufraxio universal facendo tabla rasa das nacións:

A saída ao fracaso dos distintos sistemas que tivo o Estado Español para Galeuzca só ten un camiño: o sistema federal. Sistema confederal republicán, di Galeuzca. Onde as catro nacións estean en pé de igualdade por recoñecerlle a cada un dos catro pobos a súa soberanía.

Para esa confederación, Galeuzca propón xa no ano 1945 unhas Bases políticas e outras de tipo socio-económico. As Bases de Galeuzca fixéronse cando estaba a Ditadura no seu momento máis álxido e era previsíbel que grácias a unha presión internacional ao remate da guerra mundial caise o réxime franquista. Hoxe as coordenadas políticas son outras. Non existe ditadura e temos un Estado democrático formal con unha constitución que non reconece os catro pobos nen lle reconece por suposto a súa soberanía. E diante desta situación existen dúas alternativas, falando xa concretamente de Galicia. Unha chamada Bases Constitucionais da Nación Galega, e outra a do Estatuto de Autonomía.

O Estatuto de Autonomía é a alternativa que defende todos os partidos espanyois, tanto de dereitas como de esquerdas, así como algúns partidos de ámbito galego.

As Bases Constitucionais da Nación Galega son defendidas polos nacionalistas galegos.

Poderíase facer unha triple comparanza entre ambas alternativas de hoxe e aquelas Bases de Galeuzca, aínda que nada máis sea como mero divertimento. E só o referente aos principios que Galeuzca consideraba fundamentais para as catro nacións do Estado.

Así por exemplo temos que as Bases de Galeuzca non falan explicitamente da soberanía da nación, pero despréndese da súa base primeira:

"o principio de persoalidade xurídico-político de cada pobo nacional integrante como suxetos do Dereito público constituínte". Esta base é a primeira e fundamental porque senón se reconece a soberanía nacional non se pode falar de catro nacións en pé de igualdade.

O Estatuto de Autonomía non fai referencia a tal concepto. Porque un Estatuto non pode reconecer ningún tipo de soberanía, porque os Estatutos de Autonomía ao ser fillos da constitución española están suxetos a ela, e esta di textualmente no seu art. 1 párrafo 2 "La soberanía nacional reside en el pueblo español del que emanan los poderes del Estado". Co que temos no texto constitucional un non; recoñecemento dos dereitos das catro nacións, son negadas por canto só se fala de unha nación e dun pobo español. "Soberanía indiscriminada" diría Galeuzca- "descoñecedora da existencia e dos dereitos democráticos dos pobos catalán, castellano, galaico e basco".

Na outra alternativa, a das Bases Constitucionais da Nación Galega, na primeira base lese "Conforme ao principio de autodeterminación nacional a soberanía política en Galicia corresponde ao pobo galego".

O principio de autodeterminación que se cita na base primeira das Bases Constitucionais tamén se reflicta na base segunda de Galeuzca e di "o dereito de determinación política de tais pobos, para expresión democrática da súa vontade colectiva".

O estatuto de Autonomía non coñece tal principio porque non se fala del na Constitución Española dado que só existe un só pobo -segundo ela- que é o español.

As bases seguintes de Galeuzca tais como o dereito a unha igualdade entre as catro nacións o consentimento mútuo para construción do novo Estado... todas elas desprendidas dos dous principios anteriores, soberanía e autodeterminación, xa non se recollen tampouco no Estatuto de Autonomía ao contrario que nas Bases Constitucionais que si se recollen e se regulan no capítulo que fai referencia a participación nun pacto federal español.

Do devandito despréndese que das dúas alternativas Estatuto/Bases Constitucionais son estas as que entroncan cos vellos patriotas de Galeuzca. Que calquera galego que se asome a "realidade galega" debe ter en conta ambas as dúas alternativas e que as dúas respontan a diferentes intereses económico-sociais. Xa que unha alternativa non reconece a soberanía galega, permitindo que sean outros os centros de decisión, e polo contrario a segunda alternativa pon como principio primeiro o recoñecemento da soberanía nacional galega.

SUSO PIÑEIRO